



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 26 de abril de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 26 DE ABRIL DE 2024.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2024, de 1 de abril.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de marzo ata o 19 de abril de 2024.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

4. Aprobación do proxecto da obra DP4803 Reforzo do firme na DP4803 pq 0+000 ao 4+000 (Miño), incluído no Plan de Conservación 2024
5. Aprobación do proxecto da obra DP0106 Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP-0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Ríos punto quilométrico. 8+200 - 13+220 (Oza Cesuras) incluído no Plan de Conservación 2024
6. Aprobación técnica do proxecto da obra DP 5905 Mellora da seguridade viaria na estrada a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira. Punto quilométrico 0+000 ao 1+300 (ORDES); incluída no Plan de Sendas Peonis 2024
7. Desestimación do Recurso de reposición interposto contra o acordo plenario de 24 de febreiro de 2023 polo que se aproba a Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase."
8. Aprobación do proxecto da obra DP7603 Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente; Feira de San Sadurniño a O Coval punto quilométrico 0+300 ao 4+200 (San Sadurniño), incluído no Plan de Conservación 2024

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

9. Aprobación do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa.
10. Aprobación da adxudicación do segundo contrato baseado no acordo marco para a prestación dos servizos incluídos no proxecto de transformación dixital nas Entidades Locais da provincia da Coruña (TEDeC e plataformas complementarias),

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou", do Concello de Mugaros, incluído na 1ª



Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0380.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Ponte do Allo do Concello de Zas", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 2ª e derradeira fase co código 2021.2102.0648.0

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación fachadas centro social e acceso exterior" do Concello de Zas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 2ª e derradeira fase co código 2021.2102.0649.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

14. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a marzo de 2024.

15. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2024.

16. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2024 de aprobación polo Pleno.

17. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

18. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: para unha transición ecolóxica 2024.

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de a Deputación de A Coruña, sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de A Deputación de A Coruña, en apoio á implantación da Fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei

3.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa o financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de axuda no fogar

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 26 de abril de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 26 de abril de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
--------------------------------	------

O Sr. Pérez Fernández entra comezada a sesión, no punto número 5, e o Sr. Calvelo Martínez entra no punto número 10.

Actúa como secretaria: Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos esta sesión ordinaria de Pleno, co primeiro punto.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2024, de 1 de abril.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 4/2024, de 1 de abril.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de marzo ata o 19 de abril de 2024.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de marzo ata o 19 de abril de 2024.

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2024 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña.CASCO para cofinanciar o *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 277.624,50 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Política Social, Educación e mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola



Intervención da Deputación no seu informe de 18 de marzo de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2024*.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

2.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO**, con CIF G15279219, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2024***.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	124.359,00 €
	Seguridade Social	39.769,65 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	85.995,00 €
	Seguridade Social	27.500,00 €
Total		277.624,50 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **21,61 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **21,61 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con



calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.



* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle



poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."



4.- Aprobación do proxecto da obra DP4803 Reforzo do firme na DP4803 pq 0+000 ao 4+000 (Miño), incluído no Plan de Conservación 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (12 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o proxecto DP4803 REFORZO DO FIRME NA DP4803 PQ 0+000 AO 4+000 (CONCELLO DE MIÑO) que se integra no Plan de Acondicionamento - Conservación en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de 540.879,49 € con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0034.0	DP4803 REFORZO DO FIRME NA DP4803 PQ 0+000 AO 4+000 (CONCELLO DE MIÑO)	Miño	540.879,49 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

(Entra no salón de Plenos o Sr. Pérez Fernández).

5.- Aprobación do proxecto da obra DP0106 Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP-0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Ríos punto quilométrico. 8+200 - 13+220 (Oza Cesuras) incluído no Plan de Conservación 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o proxecto DP 0106 SAN VICENTE DE VIGO A OZA DOS RIOS. MELLORA



DA CAPA DE RODAXE CON MBQ. PUNTOS QUILOMÉTRICOS 8+200 AO 13+220 que se integra Plan de Acondicionamento - Conservación en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de 502.900,99 €, con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0036.0	DP 0106 San Vicente de Vigo a Oza dos Rios. Mellora da Capa de Rodaxe con Mezcla Bituminosa Quente. Puntos Quilométricos 8+200 ao 13+220	Oza Cesuras	502.900,99 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

6.- Aprobación técnica do proxecto da obra DP 5905 Mellora da seguridade viaria na estrada a Poulo dende a DP 3802 Ordes a Pontecarreira. Punto quilométrico 0+000 ao 1+300 (ORDES); incluída no Plan de Sendas Peonis 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o Proxecto SENDA PEONIL NA DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES). PLAN DE SENDAS PEONÍS 2024 cun orzamento total de 772.510,12 € con cargo á aplicación 2024/0410/4535/60900, que se detalla:

CONCELLO	CODIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO
ORDES	2024.1170.0002.0	SENDA PEONIL NA DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300	6 MESES	772.510,12 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a



execución da obra na SENDA PEONIL NA DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300

3.- **Condicionar a aprobación definitiva** do proxecto, á subscrición carácter previo dun convenio con concello de Ordes, onde se acredite o financiamento das actuacións incluídas no *capítulo 04 Servizos Municipais* por importe de 154.305,98 € IVE incluído.

4- **Expoñer ao público** o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

5.- **Remitir o expediente** para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Desestimación do Recurso de reposición interposto contra o acordo plenario de 24 de febreiro de 2023 polo que se aproba a Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase."

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Desestimar o recurso de reposición formulado por Cipriano Jaime Carballo Fabal o pasado 6 de febreiro de 2024 contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 24 de febreiro de 2023 polo que se aprobou o proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase e se publicou no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023, polos seguintes feitos e fundamentos xurídicos:

Antecedentes.

Cipriano Jaime Carballo Fabal formulou recurso de reposición o pasado 6 de febreiro de 2024 contra o acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 24 de febreiro de 2023 no que se aprobou tecnicamente o proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS e solicita a súa anulación e a dos actos posteriores por incumprimento do trámite de información pública e a suspensión do procedemento. No mesmo escrito remitiu alegacións concretas sobre os predios 76, 76 T e 77 da relación de bens e dereitos expropiados.



Consultados os antecedentes que constan nesta Administración, compróbase que a Deputación da Coruña tramitou o expediente número 2023000005600 denominado "Aprobación técnica do proxecto da obra DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase" que contén o citado proxecto técnico e que, logo da fiscalización da Intervención, foi ditaminado favorablemente o 15/02/2023 pola Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais, quen elevou ao Pleno a proposta favorable que posteriormente foi aprobada polo Pleno de 24 de febreiro de 2023 e sometida a información pública por un prazo de dez días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023.

Non se rexistraron alegacións, polo que o proxecto resultou definitivamente aprobado e o 22 de xaneiro do 2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia o levantamento de actas previas á ocupación e se convocou ás persoas interesadas o pasado 12 de febreiro do 2024 na Casa do Concello de Cabanas, entre elas a José Carballo Fabal, titular catastral dos predios citados. Ao citado acto compareceu Cipriano Jaime Carballo Fabal e achegou alegacións sobre estes concretos predios 76, 76 T e 77 da relación de bens e dereitos expropiados e documentación acreditativa do seu dereito a título sucesorio, pendente a día de hoxe do seu exame e resolución. Lexitimación. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas considera no seu artigo 4 persoas interesadas a aquelas que teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que se adopte. No presente caso, determinados predios catastrados a nome de José Carballo Fabal pai do recorrente- figuran incluídos no proxecto que se someteu a aprobación do Pleno, polo que cabe concluír que Cipriano Jaime Carballo Fabal ten lexitimidade para formular o presente recurso, con independencia de que nos expedientes concretos de cada predio se determine o alcance do seus dereitos.

Competencia.

Segundo o artigo 209.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán (.../...) exercer as accións pertinentes ante la xurisdición competente. Por outra banda o artigo 210.a) do mencionado regulamento sinala que poñen fin á vía administrativa, entre outras, as resolucións do Pleno e o artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas manifesta que poñen fin á vía administrativa as resolucións de órganos administrativos cando o unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza e tamén cando carezan de superior xerárquico. O artigo 123 da citada lei 39/2015 dispón que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase, polo que será o Pleno o órgano competente para a resolución do presente recurso.

Prazo para interpoñer o recurso. O artigo 124 da citada Lei 39/2015 establece que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso e o artigo 116 recolle expresamente como causa de inadmisión a de ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso. No presente caso atopámonos ante un acto expreso que foi aprobado polo Pleno da Deputación o 24 de febreiro de 2023 e sometido a información pública mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023 por un prazo de dez días - que o recorrente considera causa de nulidade do procedemento e de tódolos actos que del se derivan que cómpre examinar no seguinte parágrafo - e sobre o que formulou recurso de reposición o 6 de febreiro de 2024 polo que, con carácter previo, procedería a súa non admisión por



extemporáneo.

Prazo para expoñer o proxecto. O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local recolle como competencia propia entre outras - a cooperación na planificación no territorio provincial. Para o desenvolvemento desta cooperación o artigo 32 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local establece que as Deputacións redactarán os plans provinciais e que se inserirán no Boletín Oficial da Provincia para que pidan formularse alegacións e reclamacións sobre estes durante un prazo de dez días.

No presente caso e tal e como xa se sinalou no apartado anterior, o proxecto técnico DP 1502 Porto a Laraxe. Mellora da seguridade vial PQ. 0+970 AO 2+305 (CABANAS), incluído no Plan de Investimentos de Vías Provinciais (VIPI) 2023, primeira fase foi aprobado polo Pleno de 24 de febreiro de 2023 e sometido a información pública por un prazo de dez días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023 e do que non consta ningunha outra alegación o reclamación.

O recorrente manifesta que o prazo de exposición pública tiña que ser o de trinta días previsto no artigo 21 da Lei 8/2013 de Estradas de Galicia, pero a propia lei no mesmo artigo restrinxe a aplicación deste precepto para os casos de construción de novas estradas non previstas no planeamento urbanístico municipal ou modificacións substanciais destas que afecten de maneira significativa ao instrumento de planificación urbanística, polo que non queda acreditada a necesidade da exposición pública polo prazo de trinta días solicitado.

As consecuencias da súa exposición. O proxecto número 2023.1110.0001.0 denominado DP 1502 PORTO A LARAXE. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PUNTO QUILOMÉTRICO 0+970 AO 2+305, CABANAS foi sometido a exposición pública mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 43 de 3 de marzo do 2023, para que tódalas persoas que así o manifestasen puidesen formular as alegación que considerasen oportunas.

O anuncio publicado permite identificar con claridade a Administración actuante, o proxecto, o su orzamento e o lugar onde pode ser examinado, polo que contén os requisitos formais para acadar o seu fin.

Ninguén formulou ningunha alegación, polo que non é posible identificar ningún dereito que se vexa prexudicado polo desenvolvemento do proxecto. Aínda que se admitise agora o escrito de alegacións do reclamante presentado o 6 de febreiro de 2024, o certo é que tampouco realiza ningunha alegación contra o seu contido e si o fai contra a afectación concreta daqueles predios que identifica como da súa titularidade, no senso de que se corrixa o nome do titular expropiado e a cualificación urbanística, alegacións que se estudarán e resolverán no seu momento dentro da peza separada que se tramita para cada un dos predios afectados.

Cabe concluír que a actuación desenvolvida é axustada a dereito, non produciu indefensión ningunha e non impediu ao acto acadar o seu fin, polo que non é posible admitir o recurso de reposición presentado fóra de prazo.

Do mesmo xeito, procede desestimar a solicitude de suspensión do acto impugnado polos feitos e fundamentos xurídicos expostos.

2.- Dar traslado das alegacións formuladas polo recorrente sobre os seus predios



concretos á Presidencia da Deputación para que a través das unidades administrativas que correspondan se dispoña o que sexa procedente no marco do procedemento de expropiación.

O presente acordo esgota a vía administrativa e, de conformidade co previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución do presente recurso poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de calquera outro recurso o reclamación que considere oportuno."

8.- Aprobación do proxecto da obra DP7603 Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente; Feira de San Sadurniño a O Coval punto quilométrico 0+300 ao 4+200 (San Sadurniño), incluído no Plan de Conservación 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o proxecto DP 7603 MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP-7603 FERIA DE SAN SADURNIÑO A O COVAL PUNTO QUILOMÉTRICO 0+300 AO 4+200 (SAN SADURNIÑO) que se integra Plan de Acondicionamento - Conservación en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de 414.033,49 €, con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0035.0	DP 7603 MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP-7603 FERIA DE SAN SADURNIÑO A O COVAL PUNTO QUILOMÉTRICO 0+300 AO 4+200 (SAN SADURNIÑO)	San Sadurniño	414.033,49 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se



instrumenta unha subvención nominativa para a adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e do Concello de Malpica de Bergantiños **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **a adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Malpica de Bergantiños** para cofinanciar **“a adquisición de tractor-desbrozadora e camión-grúa”** cunha achega provincial de **173.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/17221/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **78.24956 %** respecto dun orzamento de **221.087,50 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA BERGANTIÑOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE TRACTOR-DESBROZADORA E CAMIÓN-GRÚA.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, representante da Deputación Provincial da Coruña,



Doutra parte D. _____ representante do Concello de **Malpica de Bergantiños**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas...

...d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...

Neste sentido, o Concello de **Malpica de Bergantiños** considera de primeira necesidade do suministro tractor-desbrozador camión-grúa

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de **Malpica de Bergantiños**, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Malpica de Bergantiños**, con **CIF P1504400A**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da subministración que se describe de seguido: **“tractor-desbrozador camión-grúa”**, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado polo técnico . José Andrés Queijo Rey.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do Prego de Prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas. O dito Prego de Prescricións Técnicas foi supervisado polos Servizos



Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o Concello o orzamento máximo para a subministración ascende a **221.087,50 euros**.

ORZAMENTO TOTAL ACTUACIÓN	IMPORTE
Tractor e apero desbrozadora de brazo	123.966,94€
Camión caixa basculante e grúa	58.750,00€
TOTAL	182.716,94
IVE 21 %	38.370,56
ORZAMENTO TOTAL	221.087,50€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **173.000,00€**, o que representa unha porcentaxe de **78,2496%**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78,2496 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/17221/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministracións.

2. No procedemento de contratación o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto "melloras".



4.No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o Concello,deberá **rotular o ben en lugar visible** de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. 3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54 de execución do Orzamento para o ano 2024, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) Certificación do **acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións**, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:Persoa adxudicataria, Importe do contrato E prazo de execución
- b) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- c) **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- d) O Concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./**Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.**

2. Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Acta de recepción e fotografía do subministro realizado**
- **Factura e certificación acreditativa do pago do ben.**
- **Certificación do acordo de aprobación da factura e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**



- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración



responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable



.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2024** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematada a adquisición e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2024**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación o día _____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

(Entra no Salón de Plenos o Sr. Calvelo Martínez).

10.- Aprobación da adxudicación do segundo contrato baseado no acordo marco para a prestación dos servizos incluídos no proxecto de transformación dixital nas Entidades Locais da provincia da Coruña (TEDeC e plataformas complementarias)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Adxudicar o segundo contrato baseado no acordo marco para a prestación dos servizos incluídos no proxecto de transformación dixital nas Entidades Locais da provincia da Coruña (TEDeC e plataformas complementarias), expediente PCO.001.2020.00362, nas seguintes condicións:

1.1 Contrato baseado número 2

1.2. Adxudicatario: INDRA SOLUCIONES TECNOLOGÍAS DE LA



INFORMACIÓN, S.L.U. con NIF B88018098 e domicilio en Alcobendas (Madrid), Avenida de Bruselas, número 35, código postal 28108

1.3. Prezo de adxudicación:

Prezo sen IVE:	2.499.077,27 €
IVE	524.806,23 €
Total IVE incluído:	3.023.883,50 €

1.4. Tarefas:

Tarefas	Importe sen IVE
IMPLANTACIÓN	
Sesiós a demanda	174.935,41€
Reforzar o uso do cadro de mando e a súa indicadores	99.963,09€
Continuación co servizo previamente establecido	49.981,55€
DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DA PLATAFORMA	
Continuar as melloras en rexistro	174.935,41€
Continuar as melloras no módulo de terceiros	99.963,09€
Melloras no tramitador de expedientes	99.963,09€
Novas integracións	99.963,09€
Procedementos	99.963,09€
Melloras técnicas da plataforma	274.898,50€
Documentación	74.972,32€
TRANSFORMACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS	
Abordar o proceso de transformación nas entidades que o rexeitaron na primeira fase	249.907,73€
Proceso de post-transformación	324.880,05€
COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	
Continuidade na execución do servizo	49.981,55€
Impulsar e dinamizar o portal Concello Dixital, dotándoo de novas seccións e contidos	49.981,55€
Participación en concursos	49.981,55€
Ampliación da sección "Conversas Concello Dixital"	49.981,55€
Apertura dunha canle de "asesoría" en comunicación	24.990,77€
APOIO TÉCNICO-XURÍDICO	
Nova revisión de cumprimento de normativa básica de administración electrónica	49.981,55€
Continuidade na análise de procedementos	24.990,77€
Análises e estudo da posta en marcha da asistencia en uso de medio electrónicos	24.990,77€
Elaboración dun Plan de Cumprimento Normativo	24.990,77€
Continuidade na execución do servizo	24.990,77€
SOPORTE TÉCNICO AVANZADO CON ALTA DISPOÑIBILIDADE	
Asistencia e asesoramento en labores de administración de TEdC e outras plataformas complementarias	49.981,55€
Responder a dúbidas funcionais sobre os diferentes módulos de TEdC e outras plataformas complementarias	49.981,55€
Realización das tarefas de soporte das plataformas, exceptuando	



aquelas que impliquen cambios nos modelos de datos e desenvolvementos	49.981,55€
Resolución de incidencias relacionadas co uso de TEdC, tendo en conta o requisito anterior	49.981,55€
Apoio nas implantacións	24.990,77€
Documentar todas as tarefas realizadas	24.990,77€
Presentación de informes de estado e seguimento de incidencias	24.990,77€
Continuidade na execución do servizo	24.990,77€
Importe total sin IVA	2.499.077,27 €
IVA	524.806,23 €
Importe total con IVA	3.023.883,50 €

1.5. Prazo de execución: Dous anos. Tendo en conta que o contrato baseado no acordo marco non require formalización, o prazo computarase dende o día seguinte ao envío da comunicación de adxudicación, que deberá publicarse simultaneamente no Perfil de Contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

1.6. Financiamento: Aplicación orzamentaria 0730/49122/22799, coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	período	fase e número de operación	Importe
2024	2 trimestres	RC 220240014452	755.970,87
2025	4 trimestres	RCP 220249000211	1.511.941,75
2026	2 trimestres		755.970,88
total			3.023.883,50

Por tratarse dun contrato plurianual, queda suxeito á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

1.7. Formalización: De conformidade co establecido no artigo 36.3 LCSP, os contratos baseados do acordo marco perfecciónanse coa adxudicación, polo que non requiren formalización.

2. Requirit ao adxudicatario para que, de conformidade co artigo 107.5 LCSP, amplíe a garantía definitiva na contía de **46.791,86 euros** no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte á notificación deste acordo."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou", do Concello de Mugardos, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0380.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Mugardos do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0380.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Mugardos

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 1 da citada Resolución de Presidencia pola que se aproba a 1ª fase deste Plan Adicional 2/2023, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallaban para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Mugardos	2023.2102.0380.0	Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou	200.772,87	0,00	200.772,87	-Autorización Patrimonio Cultural-Xunta. - Axencia galega de Infraestruturas (AXI). - Augas de Galicia. - Dispoñibilidade dos terreos.

Logo de presentar o Concello de Mugardos as autorizacións favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e de Augas de Galicia, así como un novo informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (Anexo VI) acreditativo da dita dispoñibilidade dos terreos necesarios para a realización das obras

Logo de presentar o concello un proxecto modificado deste investimento, que aínda non está adxudicado, asinado dixitalmente o día 26 de febreiro de 2024, cun orzamento de contrata de 200.772,87 €, idéntico ao do proxecto técnico inicial incluído no Plan, que modifica o trazado inicial do proxecto eliminando a parte correspondente á actuación no viario de Roibeiras ao non poder contar coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022



De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou”, do Concello de Mugardos, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0380.0, que foi aprobado de forma condicionada e que polo tanto aínda non está adxudicado. Este proxecto conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 12 de abril de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos favorables, sendo a súa finalidade variar o trazado inicial do proxecto, eliminando a parte correspondente á actuación no viario de Roibeiras ao non poder contar coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra, tal e como se sinalaba no primeiro proxecto técnico presentado

Concello de Mugardos Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou 2023.2102.0380.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO
Deputación	200.772,87	200.772,87
Concello	0,00	0.00
Total	200.772,87	200.772,87

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento na Resolución da Presidencia desta deputación número 32169/2023 do 18 de agosto de 2023, de aprobación da primeira fase deste Plan Adicional 2/2023, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Mugardos	2023.2102.0380.0	Mellora de viais municipais: rúa Casás, Roibeiras e Simou	200.772,87	0,00	200.772,87	-Autorización Patrimonio Cultural-Xunta. - Axencia galega de Infraestruturas (AXI). - Augas de Galicia. - Dispoñibilidade dos terreos.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mugardos para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Ponte do Allo do Concello de Zas", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 2ª e derradeira fase co código 2021.2102.0648.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver o Acordo plenario desta deputación do 26 de novembro de 2021, polo que se aprobou a 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial.

Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen nesta segunda fase e derradeira do POS+ Adicional 2/2021 figura, entre outras, a obra do Concello de Zas denominada "Ampliación da Ponte do Allo en Zas", co código 2021.2102.0648.0, condicionada a súa aprobación á supervisión favorable do proxecto corrixido e á súa aprobación polo concello, así como á obtención de autorización de Augas de Galicia.

Logo de que en data 11 de febreiro de 2022, por Resolución de Presidencia número. 2022/7560 tómase coñecemento da aprobación polo concello de Zas do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da Ponte do Allo en Zas", incluído na segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0648.0, levántanse as condicións ás que quedou sometido e apróbase definitivamente este investimento.

Visto que en marzo de 2024 o Concello de Zas aprobou un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, cun orzamento de contrata de 162.785,83 € que supón un incremento de 34.317,88 € con respecto ao proxecto anteriormente aprobado, cuxo orzamento ascendía á cantidade de 128.467,95 € que é asumido integramente polo concello de Zas, para realizar a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado, que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Zas denominada "Ampliación da Ponte do Allo en Zas", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0648.0, cun orzamento de contrata de 162.785,83 €, que en relación co proxecto inicial cuxo orzamento era de 128.467,95 €, supón un incremento de 34.317,88 € que é asumido integramente polo concello, que recolle as modificacións necesarias para a actualización dos prezos das unidades de obra para a



súa adaptación á realidade de mercado, e que se financia como se indica na seguinte táboa:

Concello de Zas "Ampliación da Ponte do Allo en Zas" Código 2021.2102.0648.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	128.467,95	128.467,95	0,00
Concello	0,00	34.317,88	34.317,88
Total	128.467,95	162.785,83	34.317,88

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra. O Concello de Zas asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto técnico da obra por importe de 34.317,88 €, conforme o establecido na "Base 8.-Execución dos investimentos" do POS+2021 (Plan único de Concellos), mediante o compromiso recollido no punto 4º da certificación de Resolución de Alcaldía 82/2024 de 22 de marzo de 2024, firmada pola Secretaria do concello e o Alcalde o 22 de marzo de 2024.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Zas para os efectos oportunos."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación fachadas centro social e acceso exterior" do Concello de Zas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 2ª e derradeira fase co código 2021.2102.0649.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver o acordo plenario desta deputación do 26 de novembro de 2021, polo que se aprobou a 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial



Logo de ver que na relación dos investimentos que se inclúen no POS+ Adicional 2/2021 figura, entre outras, a obra do Concello de Zas denominada “Reparación fachadas centro social e acceso exterior. Zas”, co código 2021.2012.0649.0

Visto que o concello aprobou un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, cun orzamento de contrata de 113.476,85 € que en relación co proxecto inicial cuxo orzamento ascendía á cantidade de 88.239,64 €, supón un incremento de 25.237,21 € que é asumido integramente polo Concello de Zas, que foi redactado coa finalidade de actualizar os prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado sen modificar tecnicamente o proxecto, e que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobación do proxecto modificado da obra do Concello de Zas denominada “Reparación fachadas centro social e acceso exterior. Zas”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2012.0649.0, cun orzamento de contrata de 113.476,85 €, que en relación co orzamento do proxecto inicial que ascendía a 88.239,64 €, supón un incremento de 25.237,21 €, que é asumido integramente polo concello, que recolle as modificacións necesarias para a actualización dos prezos das unidades de obra para a súa adaptación á realidade de mercado, que non modifica tecnicamente o proxecto, e que se financia como se indica na seguinte táboa:

Concello de Zas “Reparación fachadas centro social e acceso exterior. Zas” Código 2021.2000.0649.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	88.239,64	88.239,64	0,00
Concello	0,00	25.237,21	25.237,21
Total	88.239,64	113.476,85	25.237,21

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra. O Concello de Zas asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto técnico da obra, por importe de 25.237,21€, co compromiso dese concello de incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal do presente proxecto.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Zas para os efectos oportunos.”

14.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, correspondente a marzo de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, do mes de marzo de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, no mes de marzo de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

15.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2024.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2024, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

16.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2024 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2024 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 62.015.105,82 € e que ofrece o seguinte resumo:



A NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	4.560.396,96	Remanente de Tesourería:	61.715.105,82
SC. Suplementos de crédito:	57.454.708,86	Maiores ingresos:	300.000,00
Total aumentos:	62.015.105,82	Total financiamento:	62.015.105,82

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1 Gastos de persoal	129.396,96	0,00	1 Impuestos directos	0,00
2 Gastos correntes	3.021.500,00	0,00	2 Impuestos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	27.509.208,86	300.000,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Inwestimentos reais	3.555.000,00	0,00	6 Alleamento inwestimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	27.800.000,00	0,00	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	61.715.105,82
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	62.015.105,82	300.000,00	TOTAL:	61.715.105,82

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das



normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2023 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

17.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚMERO 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA, modificación e redacción íntegra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 10, REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA

Artigo 1.- Concepto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa por servizos no Conservatorio de Danza, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos polo Conservatorio de



Danza.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Artigo 4.- Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais

Nas taxas correspondentes aos servizos no Conservatorio de Danza establécese un réxime de exención do 100 por cento aos membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial e unha bonificación do 50 por cento para os de categoría xeral. Estes beneficios fiscais deberán ser solicitados expresamente polo suxeito pasivo ante a Deputación provincial no momento de presentación da matrícula do Conservatorio de Danza.

Procederá a exención ou bonificación cando se posúa a condición de beneficiario/a de familia numerosa ao comezo do curso académico ou escolar no que se vaia aplicar. Se en tal data o título está en tramitación, poderán obterse os referidos beneficios acreditando a presentación da solicitude de recoñecemento ou renovación, así como unha declaración xurada da categoría en que a familia numerosa queda clasificada. Se antes do 31 de decembro do ano corrente non se presenta a xustificación do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e procederá o aboamento do seu importe. Cando o título concedido fose de inferior categoría á declarada, deberase aboar a diferenza que corresponda.

A perda da condición de membro de familia numerosa e o cambio de categoría durante o curso académico non alterará a percepción e contía do beneficio ata a terminación deste.

Artigo 6.- Devindicación

A taxa devindícase cando se inicie a prestación do servizo ou da actividade, con periodicidade mensual.

Artigo 7.- Bases de imposición e tipos de gravame

As bases de imposición e os tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

- Cota mensual de ensinanza, calquera que sexa a súa natureza e a súa duración diaria; cada alumno, 30,00 €

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 8.- Normas de xestión

1.- A cota mensual de ensinanza é obrigatoria desde o día primeiro de cada mes, ou



aquel no que teña lugar a incorporación ou alta.

2.- O pago da cota mensual realizarase mediante domiciliación bancaria.

3.- A cota mensual non é fraccionable. As baixas definitivas na prestación de servizos polo Conservatorio de Danza (cota mensual de ensinanza) comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña. As baixas producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa nesta administración.

4.- A Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, levará a cabo a liquidación das tarifas, que a realizará mensualmente, sendo estas irredutibles.

Para os efectos sinalados, e de acordo cos apartados anteriores, o Conservatorio de Danza comunicarlle á Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, calquera alta, baixa ou modificación que se produza, indicándose a data de efecto da alteración.

Artigo 9.- Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición adicional.- A presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

Disposición final.- A ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse para o curso 2024/2025, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Así mesmo derroga a Ordenanza fiscal número 10 aprobada polo Pleno na sesión do 23 de decembro de 1988, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios do 29 de outubro de 1999; 27 de outubro de 2000; 26 de outubro de 2001; 25 de outubro de 2002; 30 de xaneiro de 2004; 28 de outubro de 2004; 27 de outubro de 2005; 26 de outubro de 2006; 26 de febreiro de 2010; 28 de outubro de 2011; 26 de outubro de 2012; 25 de outubro de 2013 e 28 de setembro de 2018.

2.- Expoñer ao público o presente acordo, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, no taboleiro de anuncios desta Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

3.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que, transcorrido o período de información pública, non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

4.- Publicar o acordo e a redacción íntegra da ordenanza fiscal número 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza para a súa entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación e comezará a aplicarse para o



curso 2024/2025.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no artigo 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo."

18.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para cofinanciar o Programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: para unha transición ecolóxica 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para cofinanciar o "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha transición ecolóxica 2024, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobado a formalización dun convenio de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA, para regular a achega de 150.000,00 € para cofinanciar os "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2024", cun orzamento subvencionado de 187.500,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2025 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 31 de decembro de 2024.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220240000117, da aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobado o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da



Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA PARA A ANUALIDADE 2024”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- * Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da protección do medio ambiente, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o “**Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2024**” que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da



provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2024”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de Educación Ambiental para unha Transición Ecolóxica:
 - Emerxencia Climática
 - Lixo Mariño
 - Espazos Naturais Protexidos:
 - P.N. Fragas do Eume
 - P.N. Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
 - Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo:
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
 - A Illa de Sta Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
 - Soberanía Alimentaria
2. Programa de Capacitación para unha Transición Ecolóxica:
 - Conservación, posta en valor e interpretación temática do patrimonio natural e cultural dos espazos naturais protexidos: Fragas do Eume, Dunas de Corrubedo e Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
 - Emerxencia climática
 - Cultura oceánica e a problemática do lixo mariño
3. Programa de divulgación ambiental: Exposicións itinerantes
4. Programa de asesoramento e documentación ambiental:
 - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento
 - Maletas Viaxeiras: maleta mariñeira e maleta climática
 - Conversas naturalistas
5. Elaboración de materiais
6. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
PERSOAL	Director Programa	35.600,00 €	128.800,00 €
	4 Educadores/as ambientais	56.100,00 €	
	Documentalista	12.700,00 €	
	Administrativo/a	14.500,00 €	
	Aux. Administrativo/a	9.900,00 €	
Seguro accidentes e R.C.			850,00 €



Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)	49.150,00 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)	8.700,00 €
TOTAL	187.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75 %** do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes



emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

- c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.
- d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.



h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá



realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva



finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2025 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____



E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo CEIDA

Asdo:

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo:

Asdo."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Pasamos ao apartado de mocións. Hai unha primeira moción que presenta o Grupo Provincial Popular sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo.

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de a Deputación de A Coruña, sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo.

En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións - currais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: "Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas."

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuíto, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.

Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os



coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

Insistimos que o sector primario soporto unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.

Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación de a adopción do seguinte ACORDO:

"Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma."

Sr. Rey Martínez

Ola, bos días, presidente, bos días, compañeiros, e bos días, público asistente. É a miña primeira comparecencia nesta Deputación e fágoo para presentar esta moción do Grupo Popular que presenta respecto á normativa dos galiñeiros de autoconsumo.

O Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, conforme ao disposto no artigo 71.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais desexa elevar ao Pleno municipal a seguinte moción.

En xullo de 2021 o Goberno central publicaba o Real decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións, currais familiares que crían aves para o consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos, é dicir, ovos ou carne, deben estar rexistradas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. O artigo 16.5 determina o seguinte: "los titulares de explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h, estarán obligados a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro General de Explotaciones Ganaderas".

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar os seus produtos. Temos constancia de que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo, seguido polo Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas polo Goberno central. Unha vez máis, o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende as especificidades do noso territorio. Concretamente, unha das peticións do Goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste real decreto, co cal



estamos en total consonancia neste Grupo Popular.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuíto, están tendo unha maior carga de traballo xa que, atendendo á normativa vixente, son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións. Non obstante, a pesar de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrar e recibir o código REGA de maneira *online*, en moitas ocasións a dita poboación non ten os coñecementos e os accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona. En Galicia, dada a particular estrutura da poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz. Insistimos en que o sector primario soporta unha carga burocrática excesiva tanto profesional como para aquelas explotacións de autoconsumo, que implica un abandono, tanto de explotacións e a desaparición destas como tamén se fomenta neste tipo o abandono do rural. Ante este acordo, ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Instar o Goberno de España a que modifique o Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro de explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da comunidade autónoma”.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente. Moitas grazas aos compañeiros do Partido Popular por introducir este debate que, desde logo, ao Bloque Nacionalista Galego lle resulta un tanto extemporáneo e xa desenvolverei este argumento ao longo da intervención.

Efectivamente, como dicía o deputado do Partido Popular, o Real decreto 637/2021, vixente desde o 29 de xullo de 2021, efectivamente establece no seu artigo 16.5 a obrigatoriedade de que os galiñeiros familiares destinados ao autoconsumo se inscriban no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e para iso obriga as persoas propietarias das aves a facer unha comunicación previa á autoridade competente, quen lle outorgará un código de rexistro, o correspondente código de rexistro.

É certo que se algunha xustificación ten impoñer o rexistro dos galiñeiros familiares para autoconsumo é a trazabilidade, asegurar a trazabilidade, a localización das aves para facilitar a actuación dos servizos veterinarios de sanidade animal ante a aparición dun gromo epizoótico de importancia, como podería ser o da gripe aviaria. Porén, os servizos veterinarios oficiais de gandería de Galiza, xa desde inicios dos anos 2000, tiñan establecidos un sistema válido para esta continxencia, que era o libro de rexistro de vendas das tendas agrarias. Neses libros os comerciantes teñen a obriga de consignar os datos da clientela que merca as aves. Quizais por iso, aínda que a vixencia da obriga é do ano 2021, a implementación real e efectiva en Galiza non se produciu até 2023, e que se acelerou porque as tendas agrarias foron informadas de que, en cumprimento deste real decreto, só poderían vender aves a galiñeiros de autoconsumo rexistrados.

Pero non entendemos que veñan agora con esta moción e o outro día cunha



proposición non de lei ao Parlamento galego, rematando en abril de 2024, logo de 4 meses de avalancha de solicitantes colapsando literalmente as oficinas comarcais da Consellería de Medio Rural. É dicir, cando xa pasou toda a onda, toda a vaga de solicitudes e todo o colapso das oficinas agrarias, veñen agora vostedes a protestar polo real decreto, cando xa o aplicou practicamente todo o mundo e xa practicamente todos os galiñeiros de autoconsumo de Galiza deben de estar rexistrados.

Desde logo, o que vemos é que o Partido Popular de novo está actuando como observador da realidade e non como a organización política que goberna desde a Xunta de Galiza. Unha vez máis, non só non defende os intereses de Galiza no que é a aplicación deste real decreto en tempo e forma senón que, ademais, cando se producen os colapsos nas oficinas agrarias, tampouco se encarga nin minimamente, de repor ou de poñer máis persoal nesas oficinas agrarias para afrontar toda esta avalancha que veu de xente a comunicar e a rexistrar os galiñeiros de autoconsumo.

Eu o que creo, e nós o que cremos desde o Bloque Nacionalista Galego, é que, con esta moción, que non só presentan aquí, que están a presentar nos concellos e que tamén presentaron, como digo, no Parlamento galego, é lavar a cara un pouco e quedar ben diante do que nós cremos que é unha xestión nefasta da Consellería de Medio Rural. Como digo, están vostedes de comentaristas da realidade, pero ao final nin vostedes cando foi a redacción do real decreto interviñeron politicamente, nin fixeron absolutamente ningunha xestión política para que o Estado tivese en conta a realidade de Galiza, e incluso as propias ferramentas que ten a propia Consellaría de Medio Rural, como digo, con esa regulación que xa tiña previa. Por unha banda, a moción fala de que a Xunta de Galiza fixo alegacións ao real decreto, pero non fala de nada máis, non fixo nada máis a Xunta de Galiza para evitar que ao final saíse ese real decreto e se impuxese ese real decreto na realidade galega. Que fixo o Partido Popular para defender tanto as competencias que son exclusivas en materia de gandería como as propias ferramentas, como comentaba antes, que xa ten a propia Xunta de Galiza?

O que queremos saber tamén é que vai facer o Partido Popular a partir de agora para defender as súas propias competencias e por que, como dicía, non impuxo dalgún xeito esa capacidade que ten a Xunta de Galiza, porque así llo concede o artigo 30.1 do Estatuto de autonomía, esas competencias exclusivas.

Pero tamén é certo que non imos quedar coa crítica ao Partido Popular. O Ministerio é quen foi responsable da propia redacción do real decreto e quen non permitiu que cada comunidade autónoma desenvolvese a norma atendendo ás súas propias realidades, como si fixo, por exemplo, no caso da apicultura. Ao final o que está facendo este real decreto é, pois, dalgunha maneira, invadir competencias das comunidades autónomas que teñen esta competencia, valla a redundancia, en exclusiva e, ademais, baixo un precepto que é moi perigoso porque, se o Estado empeza a lexislar e a intentar, pois iso, invadir competencias en base a que o Estado ten a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, isto pode empezar polos galiñeiros de autoconsumo, pero non sabemos moi ben onde pode acabar.

Eu creo que hai que ter moito ollo con isto e, desde logo o que botamos de menos, como dicía, é unha Xunta de Galiza que vaia máis aló da impostura, porque esta moción o que é, é un exercicio de impostura por parte, como dicía, dunha organización política que ten o Goberno da Xunta de Galiza, que abandonou as súas obrigas de defender as súas competencias, as súas ferramentas propias, e abandonou absolutamente a súa obriga de defender a realidade galega por non darlle, eu penso, importancia no seu momento a un asunto que é evidente que tivo moito impacto na vida diaria de moitas galegas e de moitos galegos.



Nada máis.

Sr. García Seoane

Ben, empezo dicindo que eu vou votar esta moción porque é moito o que politicamente sempre se fala o campo galego, Galicia se despoboa, etc, o que estamos vendo todos os días. Pero, por outro lado, non se fai nada, faise todo o contrario para que a xente siga marchando das aldeas, non? Porque agora ata lles prohibimos comer do que fabrican eles propiamente, e cun control terrorífico. Claro, agora non se poden ter galiñas, unha familia que ten 12 galiñas para tomar os ovos eles e os seus fillos, resulta que ten que pedir permiso, ten que facer 50 papeis, como se fora unha granxa desas autorizadas. Ás granxas é ás que hai que atacar, que crían dunha forma determinada os animais nas granxas, sen respectar a normativa, e os que van fiscalizar tapan os ollos pola propina que lles dan en moitos casos. Iso está aí, non o estou dicindo eu. Houbo programas recentemente en televisión onde se plasmaba como había animais enfermos a montóns dentro das granxas, e que estaban tirados, podres no chan cos outros animais vivos, iso é o que hai que coidar. O que non hai que perseguir é os cidadáns galegos que viven no campo. Non se pode perseguir os cidadáns galegos, porque xa hai anos veu que non podían matar o porco, que tiña que... e xa de levalo no coche, como te colla no coche a policía, estás apañado, ao cárcere, como se foses un delincuente, non? Cando lle levas aos teus fillos unha parte do porco para a cidade ou ti mesmo. Todo, todo son impedimentos para que ao final Galicia se despoboe, todo son impedimentos, a min paréceme gravísimo.

O viño, non se pode levar..., non se pode facer augardente os que teñen os viñedos, non se pode facer e como te collan no coche tamén transitando multa "al canto", como se fosen delincuentes, todo é como se fosen delincuentes, e os políticos que gobernan alá arriba –eu non estou alá arriba, estou aquí abaixo– os que están alá arriba non fan nada, uns e outros, síntoo moito, non fan nada, non se fai nada, todo é verborrea e a realidade é que as persoas do campo cada día son máis agredidas. Chegará o momento que xa non poidan facer queixos. Coidado, pero que se alguén mata na aldea un porco ou fai queixos e llos leva a un destacado dirixente político, eses si que os collen, non hai ningún problema, iso dáse moito tamén no campo. Aí non hai problema. Non fiscalizaron se estaba curado, se estaba o veterinario de quenda, non se fiscaliza, se recolle e “a ver si me traes otro otro día”. É alarmante a situación que estamos vivindo.

Por tanto eu –xa digo– hai que controlar as granxas e non os veciños, non as familias que viven no campo, e non se pode seguir con esas políticas e hai que actuar desde o Parlamento galego e desde o Parlamento da nación. Por tanto, o meu voto é favorable a esta moción para que non se ataque tanto os cidadáns que viven no campo de Galicia.

Sra. Capelán Cancelo

Grazas, presidente. Bo día a todos e a todas.

En principio dicir que nos imos abster e imos explicar un pouquiño...

Creo que sería bo recordar a realidade que estabamos vivindo tan so hai 4 anos cando por estas datas estabamos todos e todas nas nosas casas confinados, enfrontándonos a unha situación sen precedentes e a unha situación que nos obrigou a actuar de maneira inmediata ante unha dificultade do momento, pero que tamén nos obrigou a pensar no futuro. Digo isto porque o caso que nos ocupa coa moción que presentan débemola enfocar dende a súa orixe, que non é outra que unha directriz



europaea –por certo, que non mencionan na súa moción– pola que se establecen unhas normas básicas das granxas avícolas e así adaptar a lexislación básica de aplicación en todo o ámbito estatal.

A finalidade que pretende esta norma é a mellora no ámbito da sanidade e do benestar animal e do medio ambiente, polo que obriga os propietarios a introducir melloras na xestión das explotacións. No caso das explotacións de autoconsumo, basicamente o que ten que formalizar é unha comunicación á autoridade competente do Rexistro de Explotacións para os efectos de que consten nos ditos rexistros. En Galicia esta competencia de rexistro é da Xunta de Galicia. Polo tanto, estamos ante unha responsabilidade que afecta á saúde pública e a normativa vai encamiñada na protección de enfermidades que poidan darse e expandirse a través das aves. Polo tanto, tamén se trata dun exercicio de responsabilidade. Podemos entender e ata compartir o malestar que xera unha norma, o malestar que xera ter que facer un trámite e máis cando non estamos afeitos. Evidentemente, é entendible e podemos compartilo, pero ese malestar está xerado principalmente pola propia Xunta de Galicia e o Partido Popular, porque non hai que esquecer que a Xunta de Galicia ten a posibilidade de desenvolver e adaptar á realidade galega esta normativa, e non o fai porque unha vez máis deixa de exercer as súas competencias.

A Xunta de Galicia ten competencias propias en sanidade animal, en ordenación da actividade gandeira e mesmo ten autoridade inspectora. Pero o certo foi que lle trasladou esta función tamén ás tendas agrarias e fíxoo comunicándolles desde o propio Servizo de Gandaría da Consellería de Medio Rural para que requiran o DNI aos seus clientes e a xustificación da alta no REGA, negando nada menos que a venda das galiñas e incluso o penso de alimentación de non presentar o número de rexistro no momento da compra, asunto que excede, con moito, as atribucións das tendas agrícolas e que incluso pode colidir co dereito, por exemplo, á protección de datos de carácter persoal.

Estamos a falar dun trámite relativamente sinxelo, que en menos de 5 minutos se pode realizar e non podemos esquecer que se trata de garantir a saúde pública.

Non dubidamos de que este trámite pode ser un problema para a xente maior, é certo, pero, a maiores de poder realizalo de forma telemática, pódese realizar tamén a través do modelo MR501, a través das oficinas de Extensión Agraria, esas oficinas rurais que vostedes foron desmantelando e que vostedes foron infravalorando e baleirando de persoal e lles foron sacando competencias, esas oficinas que tanto benefician o noso rural para ben realizar este trámite ou moitos outros.

Estamos a falar de cubrir unha comunicación gratuíta e, como dicía, é certo que pode ser un problema para a poboación que non ten os coñecementos e o acceso aos medios telemáticos, pero tamén é curioso que esas mesmas persoas teñan que solicitar citas médicas todas as semanas a través deses mesmos medios telemáticos. Aquí opóñense a algo que é habitual noutras cuestións do día a día e que afecta tamén á saúde e non teñen en conta esta casuística para facer este trámite máis sinxelo.

Pero o certo é que vostedes, unha vez máis, están inmersos neses episodios de confrontación co Goberno central, en vez de exercer as súas competencias e desenvolver a normativa autonómica para adaptar a normativa europea á realidade do noso territorio.

Debemos entender que esta norma está amparada polo principio de precaución e de seguridade para a saúde dos animais, e a saúde das persoas e, polo tanto, o PP debería poñer máis acento en facilitar o trámite asumindo as súas competencias e non



axitar a cidadanía en contra dunha norma que pretende loitar pola nosa seguridade.

Sr. Rey Martínez

Contestando un pouco ás vosas respostas. Ben, agradecer o apoio do señor alcalde de Oleiros, que estou totalmente de acordo coa súa postura, eu son alcalde dun concello pequeno do rural, do Concello de Frades, un concello gandeiro, que o único que estamos facendo é darlles máis trabas burocráticas ás explotacións gandeiras e a todo tipo de explotacións de autoconsumo. Entón, pois quero defender esta moción e defender tamén, á parte das explotacións de autoconsumo, tamén as explotacións gandeiras, que a cada paso teñen máis trabas burocráticas que veñen impostas desde o Goberno do Estado, como xa se manifestaron ultimamente os gandeiros.

Con respecto ao que di a compañeira do BNG, non é verdade que xa estean todas as granxas avícolas de autoconsumo dadas de alta. No meu concello teño claro que máis da metade das granxas de autoconsumo están sen dar de alta aínda, porque están en mans de xente maior; porque a xente que somos os fillos e que temos casas novas non temos galiñeiros, os galiñeiros están nas casas dos pais. Entón, hai moita xente maior, que ten 70 ou 80 anos, que aínda non foi rexistrar esa granxa. Hai máis do 50% aínda en Galicia das granxas de autoconsumo que están sen dar de alta nesta rede de autoconsumo, nesta REGA a que obriga o real decreto do Goberno do Estado, que non foi imposto pola Comunidade Autónoma, que di a compañeira do PSOE que vén dunha directriz de Europa, pero quen crea este real decreto é o Goberno do Estado, puido deixar os galiñeiros de autoconsumo fóra deste real decreto e non o fixo.

Houbo alegacións durante toda esta tramitación da Xunta de Galicia por parte da Consellería do Medio Rural, non se tiveron en conta. Aquí gobiñase de costas ás comunidades autónomas. Entón, eu creo que esta moción aínda estamos a tempo de parar este real decreto e de que non se sigan dando de alta estes galiñeiros de autoconsumo que son, que pertencen a familias pequenas, sobre todo a persoas maiores, que o que fan é ter 5, 6, 7, 8 galiñas e o que fan é utilizar eses ovos ou esas galiñas para ao final para pasar un bo tempo coa familia e para dállelos aos seus fillos – como di o alcalde de Oleiros– para traer para ás cidades.

Entón, eu creo que non podemos poñer máis cargas burocráticas ao noso rural, que xa dabondo temos, e entón aínda estamos a tempo de parar isto. Por iso traemos esta moción aquí a este Pleno e espero que sexa votada a favor polos grupos da oposición.

Nada máis.

Sr. Presidente

Simplemente, antes de proceder á votación, imos abstermos polas razóns que expoñía neste caso Cristina Capelán e dicía Avia, pola indefensión que, en certa medida, unha boa parte da poboación galega que vive no rural e que ten unhas características alonxadas das mínimas capacidades tecnolóxicas para dar de alta as explotacións, pois creo que ese real decreto hai que aterralo en Galicia e, polo tanto, con todas as garantías para esa xente, non?

Pero tamén me gustaría facer unha pequena reflexión de 30 segundos. Acabamos de saír dunha pandemia onde morreron 6.300.000 persoas. Esa pandemia nace nun animal, nun animal. Podemos poñernos a facer populismo todos aquí. Non vexo a Rueda recibindo un lacón por cambiar a súa política, non o vexo. Por tanto, 6.300.000 persoas;



en España, 230.000 persoas que morreron, froito dunha enfermidade que nace nun animal. Nós estamos a ver que a Organización Mundial da Saúde, da Saúde, por iso actúa a Unión Europea, non o fai por capricho, non ten nada que ver, non ten nada contra os galiñeiros de Galicia. É certo o que di Gelo, que o comparto, e que ti tamén compartes, de que o mundo rural galego agoniza pola burocracia, sen dúbida, e que unha persoa que vive nunha aldea ten que afrontar o Seprona, os axentes ambientais, os axentes forestais, o vixilante da Deputación, se ti queres, a todo o mundo que vai minguar a súa liberdade para vivir nunha aldea onde levan convivindo co medio natural e rural durante xeracións. Pero, cando falamos de saúde pública, despois de ter vivido practicamente a extinción da humanidade hai dous anos, creo que temos que ter moito coidado. E a Unión Europea establece que, conforme o que di a Organización Mundial da Saúde, a gripe aviar é moito máis perigosa, moito máis letal e moito máis mortal que a Covid-19, moito máis; é certo que é moitísimo máis difícil de infectarse unha persoa, moitísimo máis difícil. De feito, á data de hoxe no mundo, con 5.000 millóns de persoas, hai 888 vítimas mortais pola Covid, pero é letal. E, polo tanto, nunha terra como Galicia, que sufrimos as vacas tolas, que se levou por diante un sector leiteiro e cárnico durante tempo, pois creo que, sinceramente, facer o esforzo de dar de alta unhas galiñas, sinceramente, haberá que axudarlle ao avó, á avoa, ao pai ou á nai a facelo, pero eu...

Esta é unha votación que ten moito que ver dalgunha maneira con poñerse no lugar, empatizar no lugar desas persoas maiores para que axudemos a facerllo, pero eu quería facer esta reflexión conxunta porque estamos a falar dun perigo que pode chegar a ser mundial e que preocupa o aumento de casos de infeccións de gripe aviaria de forma exponencial. Por non falar do mercado que hai de persoas, das miles de persoas que viven en Galicia das explotacións avícolas e, cando un empeza a ver, pois Galicia volve encerrar as galiñas de 29 municipios por enfermidade aviar. Un millón de galiñas que se leva por diante a gripe aviar nun ano, un millón de galiñas en Galicia. Sacrifícanse 600.000 galiñas, un foco de gripe aviar, un foco nunha aldea en Castela e León, neste caso. É dicir, podíamos estar falando de centos de casos, onde eu creo que ter controlado sanitariamente calquera tipo de especie animal, por moi doméstica que sexa, esperemos non ter que falar aquí dentro de 8 anos –oxalá que non, oxalá que non– dunha gripe aviar que arrase un sector ou que mate alguén simplemente pois porque empezou o foco nun galiñeiro das Pontes, onde un home que era alcalde pois decidiu non dar de alta unhas galiñas. Esperemos que nunca ocorra iso.

Imos á votación e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (14 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 15 deputados/as (9 do PSOE e 6 do BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de a Deputación de A Coruña, sobre a normativa respecto dos galiñeiros de autoconsumo.

En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións -



currais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: "Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas."

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuíto, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.

Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

Insistimos que o sector primario soporto unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural. Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación de a adopción do seguinte ACORDO:

"Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma."



Sr. Presidente

Seguiente moción, que presenta tamén o Grupo Provincial Popular provincial en apoio á implantación da fábrica de fibras téxtiles de Palas de Rei.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular de A Deputación de A Coruña, en apoio á implantación da Fábrica de fibras téxtiles en Palas de Rei

A multinacional portuguesa Altri proxecta, no municipio lucense de Palas de Rei, a primeira biofábrica de fibras téxtiles en España a base de celulosa. Trátase dunha iniciativa tractora, innovadora e ambiciosa, baseada na transformación da madeira para producir lyocell, un tecido de alta calidade, 100% biodegradable, máis ecolóxico cas fibras artificiais e cada vez máis demandado pola industria téxtil de todo o mundo.

En decembro do ano 2022 o Consello da Xunta declaraba esta iniciativa como proxecto industrial estratéxico, despois de recibir a documentación necesaria, e na actualidade a Administración autonómica vén de someter a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública.

Cun investimento previsto próximo aos 1.000 millóns de euros, estímase que teña capacidade para xerar ata 4.000 empregos durante a súa construción e ata 2.500 postos de traballo cualificados e de calidade para a súa posta en funcionamento: 500 directos e ata 2.000 empregos indirectos adicionais, asociados a diferentes actividades como a loxística, servizos auxiliares industriais, servizos terciarios. Favorecerá, en consecuencia, o obxectivo de fixar poboación no rural.

Ademais tamén está previsto que xere sinerxías con outros sectores clave da economía galega, como é o caso do téxtil ou do forestal, ata o punto de que permitirá pechar en Galicia o ciclo produtivo e a cadea de valor da madeira. Trátase dunha iniciativa pioneira que integrará nun único proceso a produción de polpa e fibra, ademais do uso do residuo téxtil, baixo os principios de sustentabilidade e circularidade.

En consecuencia, a biofábrica representa unha oportunidade para o desenvolvemento industrial de Galicia, á vez que favorece o aproveitamento sustentable do monte, nun territorio no que contamos con máis de 80.000 propietarios forestais. De feito, empregará madeira certificada procedente dos nosos bosques.

Como non podía ser doutro xeito, unha iniciativa desta envergadura precisa do apoio de todas as administracións: municipal, autonómica e estatal. A Xunta de Galicia xa ten manifestado a súa vontade de ofrecer facilidades a este e outros proxectos empresariais que se queiran asentar en Galicia toda vez que se verifique que cumpran estritamente coa lexislación vixente e ofrecen as máximas garantías técnicas, xurídicas e ambientais. Ata tal punto é así que o propio Parlamento de Galicia, na sesión plenaria de febreiro de 2022, adoptou un acordo por unanimidade -isto é co apoio de todas as forzas políticas- no que se instaba ao Goberno galego a dar prioridade ao proceso de deseño da que aspiraba a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles en España, por ser unha gran aposta, tanto desde o punto de vista económico e laboral, así como a reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible.

Finalmente cómpre indicar que todos estes proxectos intensivos en enerxía precisan para súa viabilidade e competitividade que se garanta a súa conexión eléctrica, en particular



no caso que nos ocupa, a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei, coa correspondente reforma de Planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026.

O obxectivo non é outro que intentar favorecer todas as iniciativas que permitan captar novos investimentos industriais en Galicia, crear novos postos de traballo cualificados e de calidade, xerar riqueza e fixar poboación no rural, sempre que sexan perfectamente compatibles coa conservación do noso patrimonio natural e cultural e cumpran escrupulosamente coa lexislación vixente.

Ao mesmo tempo resulta especialmente conveniente rexeitar posturas populistas que, desde unha análise parcial e terxiversada da realidade, se opoñen sistematicamente a toda iniciativa empresarial ou enerxética, freando o progreso de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Deputación de A Coruña ACORDA:

1º.-) Manifestar o seu apoio á implantación da iniciativa empresarial de Altri para emprazar a futura fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei (Lugo) por canto supón unha oportunidade para xerar riqueza e emprego cualificado na nosa Comunidade, fomentar o asentamento de poboación no rural galego, pechar o ciclo produtivo e da cadea de valor da madeira e así favorecer aos propietarios de montes, e xerar sinerxías con dous sectores clave da economía galega como son o téxtil e o forestal.

2º.-) Instar á Xunta de Galicia a dar prioridade a este proxecto de interese estratéxico, sempre garantindo o cumprimento da máis estrita normativa medioambiental, técnica e sectorial que lle sexa de aplicación.

3º.-) Instar ao Goberno de España a que concrete as liñas de apoio para o desenvolvemento deste proxecto, no marco dos fondos europeos Next Generation; e coa maior celeridade posible; e a esixir que inclúa na Planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 todas as medidas xa trasladadas reiteradamente pola Xunta de Galicia e que son precisas para dar resposta ás necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica, como a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei.

Sr. Ben Otero

Bo día, presidente e compañeiras e compañeiros de Corporación.

Ben, esta moción vai referida á posible implantación que a multinacional portuguesa Altri proxecta no municipio lucense de Palas de Rei, a primeira biofábrica de fibras téxtiles de España, a base de celulosa. Trátase dunha iniciativa tractora, innovadora e ambiciosa baseada na transformación da madeira para producir lyocell, un tecido de alta calidade 100% biodegradable, máis ecolóxico que as fibras artificiais e cada vez máis demandado pola industria téxtil de todo o mundo.

En decembro do ano 2022, o Consello da Xunta declaraba esta iniciativa como proxecto industrial estratéxico despois de recibir a documentación necesaria e na



actualidade a Administración autonómica vén de someter a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública.

Cun investimento previsto de máis de, próximo aos 1.000 millóns de euros, estímase que teña capacidade para xerar ata 4.000 empregos durante a súa construción e ata 2.500 postos de traballo cualificados e de calidade para a súa posta en funcionamento, 500 directos e ata 2.000 empregos indirectos adicionais asociados a diferentes actividades, como a loxística, servizos auxiliares industriais, servizos terciarios, e favorecerá, en consecuencia, o obxectivo de fixar poboación no rural.

Ademais, tamén está previsto que xere sinerxías con outros sectores clave da economía galega, como é o caso do téxtil ou do forestal, ata o punto de que permitirá pechar en Galicia o ciclo produtivo e a cadea de valor da madeira. Trátase dunha iniciativa pioneira que integrará nun único proceso a produción de polpa e fibra, ademais do uso do residuo téxtil baixo os principios de sustentabilidade e circularidade.

En consecuencia, a fábrica representa unha oportunidade para o desenvolvemento industrial de Galicia, á vez que favorece o aproveitamento sustentable do monte nun territorio no que contamos con máis de 80.000 pequenos propietarios forestais, de feito, empregará a madeira certificada procedente dos nosos bosques.

Como non podía ser doutro xeito, unha iniciativa desta envergadura precisa do apoio de todas as administracións: a municipal, a autonómica, a provincial e a estatal. A Xunta de Galicia xa ten manifestado a súa vontade de ofrecer facilidades a este e outros proxectos empresariais que queiran asentar en Galicia, toda vez que se verifique que cumpren estritamente coa lexislación vixente e ofrecen as máximas garantías técnicas, xurídicas e ambientais. Ata tal punto é así que o propio Parlamento de Galicia, na sesión plenaria de febreiro do ano 2022, adoptou un acordo por unanimidade, isto é, co apoio de todas as forzas políticas, no que se instaba o Goberno galego a dar prioridade ao proceso de deseño da que aspiraba a converterse na primeira fábrica de fibras téxtiles en España por ser unha grande aposta, tanto dende o punto de vista económico e laboral, así como reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos Next Generation para o desenvolvemento deste proceso coa maior celeridade posible.

Finalmente, cómpre indicar que todos estes proxectos intensivos en enerxía precisan para a súa viabilidade e competitividade que se garanta a súa conexión eléctrica, en particular no caso que nos ocupa, a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei coa correspondente reforma de planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026. O obxectivo non é outro que intentar favorecer todas as iniciativas que permitan captar fondos, captar novos investimentos industriais en Galicia, crear novos postos de traballo cualificados e de calidade, xerar riqueza e fixar poboación no rural, sempre que sexan perfectamente compatibles coa conservación do noso patrimonio natural e cultural e cumpran completamente coa lexislación vixente.

Ao mesmo tempo, resulta especialmente conveniente rexeitar posturas populistas que, dende unha análise parcial e terxiversada da realidade, se opoñen sistematicamente a toda iniciativa empresarial ou enerxética, freando o proceso, o progreso de Galicia. Os acordos que trasladamos a esta Deputación son os seguintes:

“1.º Manifestar o seu apoio á implantación da iniciativa empresarial de Altri para emprazar a futura fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei, por canto



supón unha oportunidade para xerar riqueza e emprego cualificado na nosa comunidade, fomentar o asentamento da poboación no rural galego, pechar o ciclo produtivo e de cadea de valor da madeira e así favorecer os propietarios de montes e xerar sinerxías con dous sectores clave da economía galega como son o téxtil e o forestal.

2.º Instar a Xunta de Galicia a dar prioridade a este proxecto de interese estratéxico, sempre garantindo o cumprimento da máis estrita normativa medioambiental, técnica e sectorial que lle sexa de aplicación.

3.º Instar o Goberno de España a que concrete as liñas de apoio para o desenvolvemento deste proxecto no marco dos fondos europeos Next Generation e coa mellor celeridade posible e exixir que inclúan na planificación de rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 todas as medidas xa trasladadas reiteradamente pola Xunta de Galicia e que son precisas para dar resposta á necesidade dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica, como a construción dunha subestación eléctrica para a subministración da planta de Altri en Palas de Rei.

Grazas.

Sra. Veira González

Moitas grazas, señor presidente.

Vou tentar explicar a postura do Bloque Nacionalista Galego a través das sete preguntas que se fan os xornalistas e as xornalistas habitualmente para facer unha peza informativa, para tratar de divulgar dunha maneira o máis intelixíbel posíbel a nosa postura, e a ver se o Partido Popular tamén escoita e entende e aprende un pouco.

En primeiro lugar, imos responder a pregunta de quen, quen é Altri, quen é Altri? É unha empresa portuguesa que está a ser sancionada polas súas prácticas medioambientais e polas verteduras que está a producir no río Texo.

Quen é Altri?, que vai facer Altri ou como se vai presentar Altri en Galiza? Ben, vaise presentar baixo unha marca que se chama Greenfiber, que é unha asociación de Altri con Greenalia. Resulta que aquí na Coruña coñecemos moi ben Greenalia e coñecemos moi ben as portas xiratorias de Greenalia e do Partido Popular. E coñecémola porque dous exconselleiros da Xunta do Partido Popular están na cúpula de Greenalia, por iso teñen vostedes tanto empeño en que Altri se instale en Galiza.

E que é o que quere instalar Altri en Galiza? Non quere facer unha fábrica de fibras téxtiles, xa lles aclaro que a súa moción é absolutamente incorrecta, non é certo que queiran instalar unha fábrica de fibras téxtiles, o que queren instalar é unha celulosa, e voules ler o documento que estivo á exposición pública, vale, que di: “Los productos que son generados por la planta de Greenfiber en Palas de Rei serán pasta de celulosa soluble y fibras de lyocell de alta calidad, ambos productos están destinados a nuevas elaboraciones por parte de clientes para generar los productos finales. En el caso del lyocell, los clientes principales son las industrias textiles que generarán el hilo de fibra de lyocell para la fabricación de ropas, tejidos de alta calidad y accesorios”. Polo tanto, as fibras téxtiles non se van fabricar en Altri, vanse fabricar noutros lugares onde exporte a propia Altri. Polo tanto, nada de fábrica de fibras téxtiles, senón unha celulosa. O propio documento que estivo a exposición pública di que se van fabricar 400.000 toneladas de pasta de celulosa solúbel, 200.000 toneladas de lyocell e 60.000 de fibras téxtiles. Polo tanto, o que temos é de novo unha fábrica de celulosa.



Cando se quere implantar Altri? Ben, pois o que estamos vendo é que desde logo córrelle moita presión á Xunta de Galiza e vémolos ben nesta moción, non?, porque fala de que se lle dea prioridade a este proxecto industrial e que coa maior celeridade se resolva a cuestión do financiamento en base aos Next Generation.

E onde se quere facer? Pois quere facerse nas terras de Ulloa e quere facerse afectando, por certo non só ás terras de Ulloa, senón tamén a ría de Arousa.

Por que? Por que se quere facer? e por que se quere facer, sobre todo, en Galiza? Porque a empresa Altri, que xa dixemos que era portuguesa, pois non pode facelo en Portugal porque en Portugal hai unha moratoria do eucalipto, e por iso quere facelo en Galiza. Ademais quere facelo en Galiza, non o pode facer en Portugal por esta moratoria porque, segundo os datos que se poden deducir dos propios documentos que aportou Altri para o proceso de exposición pública, vaise levar polo menos o 20% do eucalipto que está plantado en Galiza. Polo tanto, imos aumentar a dependencia en Galiza do eucalipto e xa sabemos o que iso supón para Galiza, sabemos o que supón para o noso medio ambiente e tamén para a devaluación do noso propio monte e as repercusións que ten despois, e agora que estamos a padecer as consecuencias do cambio climático coa suba das temperaturas, co aumento dos incendios e co aumento da agresividade, non?, que teñen eses propios incendios porque estamos a plantar ao final especies pirófitas.

Pero, miren, como quere implantarse Altri? Porque isto é fundamental. Quere implantarse a través dun financiamento público, a través dos Next Generation, e a Xunta de Galiza xa dixo que estaba disposta mesmo a expropiar, os que dicían que o banco de terras, que o Bantegal era unha ferramenta de expropiación de terras aos veciños e veciñas agora queren expropiarlles, aos veciños e veciñas das terras de Ulloa, para implantar unha industria, unha celulosa.

E como queren facelo? Pois queren facelo arrasando co noso patrimonio: primeiro co noso patrimonio natural, despois co noso patrimonio cultural, porque está ao carón da Rede Natura e afecta a un BIC que é o do Camiño de Santiago, parece mentira! Pero tamén queren arrasar e vai arrasar, polas consecuencias que vai ter na ría de Arousa, vai arrasar co noso medio mariño, e iso está máis que demostrado pola comunidade científica que está a analizar os documentos que subministrou Altri. Ten unha repercusión tamén natural sobre os recursos hídricos, porque vai supoñer unha serie de verteduras sobre o río Ulla que non son menores, que non son menores; e non se trata de dicir que si porque si a unha fábrica porque si, se non que se trata de estudar as repercusións que poden ter e, desde logo, do que se trata é de non mentir e de non ter unha política industrial como a que ten a Xunta de Galiza de quita e pon e de conveniencias, porque ten unha política industrial que fai que non interveña absolutamente ningún desmantelamento de ningunha outra industria, pero aquí teña moito interese en que se implante.

E xa dixeran para que quere implantarse Altri aquí: para fabricar celulosa.

Polo tanto, as sete respostas ao que nos conducen é a que o Partido Popular por intereses puramente propios e de intereses propios, está a promover unha celulosa no corazón de Galiza que é unha bomba ambiental. E esa é a realidade. E a realidade tamén é que lle mentiron ao Parlamento de Galiza. Porque, miren, vostedes fan alusión, fan alusión a ese acordo do Parlamento galego que saíu por unanimidade. Pero, claro, que dicía o Parlamento de Galiza? O Parlamento de Galiza dicía, primeiro, que instaba a Xunta de Galiza a dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles de España; non é unha fábrica, non é unha fábrica de fibras téxtiles e díxoa propia



Altri no documento que estivo a exposición pública. E, polo tanto, vostedes mentiron ao Parlamento de Galiza, si, e ademais é que se acordara que había unha prioridade, unha certa prioridade a que isto se implantase na Mariña e tres meses despois dese acordo resulta que se implanta en Palas de Rei. Polo tanto, vostedes estiveron manobrando para intentar ocultarlle información ao Parlamento de Galiza, e o que se aprobou no Parlamento de Galiza non se parece en absoluto ao que se pretende facer realmente en Palas de Rei.

Polo tanto, esta moción vai obter, como non podía ser doutro xeito, o voto en contra do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis.

Sr. Rioboo Castro

Grazas, presidente. A verdade é que temos que estar de acordo con todas as posturas que se formulan hoxe aquí neste Pleno da Deputación provincial, porque a exposición que acaba de facer a compañeira Avia dende o BNG pois o certo é que ten moitas connotacións de que aquí hai unha problemática importante, de falta de información, de transparencia por parte da Xunta de Galicia. É certo que eu creo que este é o foro dos concellos, o foro no que temos que falar de temas supramunicipais e dicir que un tema deste calado non significa unha problemática para os concellos sería un grave erro, aínda que, efectivamente, quen ten a capacidade decisoria sexa o Parlamento de Galicia. Un Parlamento que creo que dista moito ese acordo inicial do acordo e dos obxectivos finais que vai ter esta industria declarada, por certo, de interese xeral, co cal as tramitacións se van ver moi axilizadas, pero o máis importante é a de repercusión medioambiental.

Dicía isto porque os concellos están preocupados, non só é Palas de Rei, a comarca de Terras de Melide está moi preocupada, e está moi preocupada en Toques, en Melide, en Arzúa, en Santiso, porque hai moi pouca información ao respecto desta fábrica que se vai instalar, porque é unha fábrica que, efectivamente, contribúe á economía circular e todos imos cara iso, imos cara téxtiles que sexan e que teñan un impacto na pegada de carbono menor pero é que a fabricación, a fabricación, precisamente da celulosa que se vai facer aí vai ter un impacto medioambiental moi importante. E iso é o que temos que dirimir, dirimilo ademais nunha comarca importantísima e nunha comarca que está apostando creo claramente pola sostibilidade, que está apostando pola ecoloxía, que está apostando, acabamos de falalo anteriormente co tema dos galiñeiros, precisamente as granxas que hai aí, a apicultura, os pequenos e medianos e grandes produtores están apostando por unha economía que creo que é unha economía perfectamente declarada como ecolóxica porque os produtos que se venden alí son dunha altísima calidade.

Entón, claro, entrar agora no debate de se efectivamente eses 4.500 postos de traballo que a Xunta de Galicia dicía que se ían xerar con esta industria, efectivamente, na comarca da Mariña lucense e agora no interior de Lugo, xa cambiamos a situación, xa movemos os papeis do que foi ese acordo inicial, pois si vai ser positiva para toda esta comarca, claro, é que efectivamente esa desinformación que vostedes dende a Xunta de Galicia parece, ou polo menos parece que teñen, é importante.

Eu creo que cómpre reunirse, cómpre dar máis información ao respecto deste proxecto. Efectivamente, como dicía anteriormente, 4.500 postos de traballo dese proxecto inicial xa se ven reducidos a menos da metade entre directos e indirectos, co cal ese impacto na poboación e no paro xa non vai ser tan grande como o que no proxecto



inicial se formulaba.

Entón, creo que cómpre esperar, en vez de ir por activa e por pasiva, creo que cómpre esperar ese impacto medioambiental que vai ter, eses informes de impacto medioambiental, que non son informes menores, son informes que teñen que partir dende todas as administracións, e a europea, sobre todo, pois vai ser a que determine que impacto efectivamente poida ter en Antas de Ulla, no Ulla e na ría de Arousa –como indicaba a compañeira do BNG– todo ese impacto que sen lugar a dúbidas pois vai asolar ou podería asolar unha comarca que neste momento non adoece de ningún tipo de contaminación. E iso é o que primeiro temos que esperar.

Entón, claro, nós votar en contra do desenvolvemento de Galicia, votar en contra de que o despoboamento en Galicia continúe sendo unha realidade cando hai oportunidades industriais, o certo é que nos custa moitísimo, porque a vocación do noso partido é unha vocación de, efectivamente, fortalecer a contorna rural, fortalecer o emprego, fortalecer a industria, reindustrializar Galicia, que ademais é unha competencia que ten a Comunidade Autónoma, pero que nos custa moito votar a favor de algo que cremos que está bastante desordenado por parte da Xunta de Galicia. Seguramente, seguramente no Parlamento galego cheguemos a un acordo para que Altri se instale nalgún punto de Galicia, pero non podemos neste Pleno da Deputación provincial, que é o pleno dos concellos e onde os concellos da provincia da Coruña nos din que hai moitísima desinformación ao respecto de como vai ser a implantación desa fábrica, non podemos xustificar un voto a favor do que vostedes nos solicitan.

O Goberno de España creo que ten vontade por parte do ministro de Industria de si efectivamente colaborar a través da tramitación de fondos Next Generación, desa subestación que poida facer falta, pero é que igual nos tiran todo abaixo porque o impacto no medio ambiente é bastante peor que a repercusión que vai ter despois utilizar fibras téxtiles reciclables.

Entón, o noso voto neste momento vai ser desfavorable dende a institución, en contra, perdón, en contra, pero sempre esperando que eses informes sexan totalmente favorables e a favor desa transparencia que ten que haber por parte da Xunta de Galicia dunha demanda popular que existe en toda esta comarca, que é información, información e información.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Sr. Rioboo, la verdad es que yo le veía justificando su abstención, intentando contentar a sus socios del BNG. Esto es curioso, es un papelón, lo ha hecho razonablemente bien, hasta el final, que ha dicho un voto en contra cuando su postura en los distintos plenos de los ayuntamientos de la provincia de A Coruña es de abstención en este tema. Llama la atención primero porque el señor Formoso con auténtica rapidez ofreció As Pontes como posible ubicación de Altri, Formoso ofreció As Pontes como ubicación de Altri. Segundo, porque sus alcaldes en la Mariña y algún alcalde del BNG pidió que Altri se ubicase en la Mariña lucense. Entonces Altri interesaba hasta que sucedieron las elecciones del pasado mes de febrero. Altri, un proyecto votado unánimemente por todos los grupos con representación parlamentaria, un proyecto que no ha diferido ni en una coma con respecto al que a día de hoy está en exposición pública, el mismo proyecto, circunstancias distintas.

Me voy a dirigir al señor García Seoane, pero non con mala intención. Usted que



es un profundo amante y conocedor de Cuba, recordará aquella canción “se acabó la diversión, llegó el comandante y mandó a parar”, pues en este caso distinto es: “se acabó la diversión, llegaron los coroneles de la UPG y mandaron parar”. Y mandaron parar los coroneles de la UPG, mandaron parar porque ese giro a la socialdemocracia con el cartelito de “Ana presidenta” se acabó, duró lo que dura una campaña electoral, ese giro a la socialdemocracia, y volvemos a estar en los postulados de los años 70, años 80, del “Non a Alcoa” y ahora “Alcoa non se pecha”. “Non ás autoestradas de Galiza, unha navallada no corazón de Galicia” y ahora “Transferencia da AP-9 a Galicia”. Ustedes, señores del Bloque, son un partido que están condenados a estar en la oposición porque ustedes conocerán Galicia geográficamente, pero no conocen a los gallegos y, lo que es peor, piensan que todos los gallegos que piensan distinto que ustedes o somos ignorantes o estamos equivocados. Mientras no conozcan cómo piensan los gallegos van a estar donde tienen que estar, en la oposición y chupando rueda. De eso no cabe ninguna duda.

Habla usted de eucaliptización. Usted tiene una compañera de Moeche, aquí en este Pleno, vaya usted a Moeche y diga a los compañeros de Moeche, o de Valdoviño, que tenemos aquí una concejal de Valdoviño, o a todo el Ortegal, o incluso en A Mariña, que no quieren que se planten eucaliptos. Tengan ustedes el cuajo y el valor de hacerlo allí. Allí no lo hacen porque tienen un discurso para un sitio y otro discurso muy distinto para otro lado.

Señora doña Avia, usted los eucaliptos de la ciudad de A Coruña los puede contar en 10 minutos, porque no existen, pero Galicia es mucho más, porque el sector forestal de Galicia son 80.000 familias, 80.000 pequeños propietarios, y esos eucaliptos han ayudado a muchas familias a sobrevivir, han pagado muchas carreras y muchos estudios y han ayudado a sus familias, eso es el sector forestal de producción en Galicia. Y eso es la realidad, lo sabe perfectamente el señor Regueira, hombre, claro que lo sabe y lo sabe la mayoría de la gente que está aquí. Ahora, que hayan ustedes forzado al señor Formoso y a sus compañeros del Partido Socialista a votar en contra de esta iniciativa los retrata como un grupo de presión y un grupo de poder, les felicito por ello.

Mire, ustedes –repito– votaron a favor de esta iniciativa, la misma iniciativa, y dan por presupuesto que el impacto ambiental va a ser favorable, nosotros no, nosotros no, nosotros estamos esperando a que haya los preceptivos informes técnicos, medioambientales, culturales, etc. Evidentemente, ante un informe negativo, tiene que decaer automáticamente esta iniciativa que, por cierto es una iniciativa privada, como bien hemos dicho, sí, sí, es así. Viene usted con unos matices al respecto de si no sé qué, primero es una empresa portuguesa, después que hay no sé qué que han estado en el PP. Son sus mentiras de toda la vida que los colocan dónde tienen que estar, en la oposición.

Por cierto, por cierto, sus sesgos autoritarios, sus formas de entender la política desde la autorización “porque yo lo digo” y desde la prohibición “porque yo lo digo”, ya se vio el otro día, cuando han llevado la moción a Santiago de Compostela y a otros ayuntamientos de la provincia de A Coruña, pidiendo en el punto número dos que se prohíba que el informe sea negativo porque lo dicen ustedes. ¿Si ustedes fueran, gobernarán la Xunta de Galicia, ordenarían a los técnicos emitir un informe negativo? Sí, sí, sí, eso es lo que pidieron el otro día en una moción en Santiago que la señora Sanmartín, con un poco de tino después de darse cuenta, la mandó retirar. ¿Cómo no la va a mandar retirar? ¿Pero quién es un político para decirle a un técnico cómo tiene que hacer esos informes? ¿Se imaginan al señor Formoso obligando al señor Pardellas o a doña Amparo a hacer un informe positivo porque él lo dice o negativo porque él lo manda? Eso es lo que piden ustedes, eso es lo que son ustedes, es cómo piensan



ustedes y es cómo siempre serán ustedes. Repito, se acabó la diversión, llegaron los coroneles y mandaron a parar. Y, ojo, la señora Pontón durará ahí lo que dure este giro que ha pegado de la socialdemocracia hasta el marxismo más puro que representan ustedes, porque en el momento que se oriente hacia otro lado la cogen y la cambian. Esto es así.

Respecto a temas que usted ha dicho aquí, son falsos y no se puede mentir, no se puede venir aquí a mentir, porque la mentira tiene las patas muy cortas y porque los papeles están ahí. Mentiras suyas:

“Estamos ante un proxecto diferente ao que se presentou”; la realidad: desde o primeiro momento fixéronse públicas as características principais. Chega con ir á hemeroteca para comprobar que as características son as mesmas e que sempre se trasladaron con total transparencia. O único que mudou foi o posicionamento da oposición.

“Os promotores do proxecto non contan cos terreos precisos para levantar a biofábrica, vanse expropiar”. Existe xa acordo cos propietarios para adquirir a maior parte da superficie e para a superficie que aínda non hai acordo, arredor do 95% dos propietarios teñen a intención de vender –segundo o que di a empresa e segundo ten recollido quen nos traslada desde alí.

“A biofábrica de Altri vai supoñer a eucaliptización de Galiza”. Galicia ten eucalipto suficiente para atender as industrias que pechan o ciclo transformador na comunidade sen necesidade de plantar máis; para facerse unha idea, dos 6 millóns de metros cúbicos que cada ano se cortan en Galicia, máis de 3 millóns vanse fóra da comunidade, agora mesmo sen transformar, e o proxecto de Altri precisa 1,2 millóns de metros cúbicos. Esta é a realidade, todo o demais son mentiras.

“A planta de Altri é unha agresión aos recursos hídricos de Galicia e aos sectores gandeiro e marisqueiro da ría de Arousa”. Mire, o proxecto incorpora tecnoloxías innovadoras para o aproveitamento eficiente da auga captada; aínda que se usase toda a capacidade de captación de auga suporía pouco máis do 3% do caudal do Ulla nesa zona e, por certo, a meirande parte deste uso de auga se devolvería ao río perfectamente tratada e depurada, como non pode ser doutro xeito. Pero é que isto é así, a quen se lle ocorre outra cuestión?

“O proxecto de Altri é unha bomba ambiental instalada no corazón de Galicia”. Oiga, la Xunta de Galicia, como no puede ser de otra manera, velará por que los informes se acojan a la legalidad vigente, como tiene que ser. ¿Usted cree que la Xunta de Galicia, que el Partido Popular de Galicia pondría en riesgo al sector primario en Galicia? ¿Pero a quién se le pasa por la cabeza semejante sandez?, que no se puede calificar de otra manera, que es una auténtica sandez y botaratada propia de quien viene con estas afirmaciones.

“O Camiño de Santiago deixará de ser patrimonio da humanidade ao instalar Altri”. O punto máis próximo situarase aproximadamente a 3 quilómetros da planta porque non interfere na ruta. O proxecto contará cun informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio que veremos se cumpre ou non cumpre cos preceptos.

Esperemos, esperemos a los informes y después posicionémonos.

Ahora bien, señor Rioboo, señor Formoso, papelón tener que votar obligado por la minoría de su Gobierno en contra de este proyecto, cuando usted señor Formoso



suspiraba, deseaba, anunciarlo para As Pontes de García Rodríguez. Esto es un papelón.

Y, bueno, es que me dejan ustedes atónito y sin palabras. Mire, le recomiendo una reflexión al respecto de lo que les ha pasado. Y le pido de verdad que reflexionen, porque creo que ustedes son un partido importante y necesario para Galicia. Cuando quieran ser una mala copia del BNG, la gente votará al BNG. Vuelvan ustedes a la centralidad política, sean propositivos, tómense su tiempo, todos tenemos malos momentos, y vuelvan al camino de acertar.

Por cierto, doña Avia, muy mal, muy mal, muy mal, nos equivocamos siempre, desacertamos siempre, somos malísimos, y aun así estamos donde estamos. Mire, me recuerdan ustedes a un mes de diciembre: ustedes del PSOE y del BNG me recuerdan a un mes de diciembre, y le voy a decir por qué: ustedes esperaban llegar a fin de año y bastante suerte tuvieron con llegar a Navidad, el día 25, 25 diputados; y ustedes señores socialistas aspiraban a llegar a en torno de la fecha de la lotería de Navidad, el día 21 o 22, creo recordar, y se han quedado justo después del puente de la Inmaculada y de la Constitución, el 9: esa es la realidad de lo que son ustedes, un mal mes de diciembre.

Nosotros seguiremos defendiendo a Galicia y a los gallegos e intentaremos que este país tenga futuro, que tengamos la capacidad de que nuestros hijos puedan trabajar aquí y que puedan desarrollarse aquí y nunca vamos a estar apriorísticamente en contra de nada por una cuestión ideológica.

Nada más y muchas gracias.

Sra. Veira González

Vostedes non están aprioristicamente en contra de nada, pero si a favor. Se hai que agardar polos informes para ver se un está a favor ou en contra, non, só temos que agardar nós para ver se estamos en contra os informes, pero vostedes sen informes nin nada xa pensan que todo é marabilloso e que vai ser marabillosa a fábrica, non? Esperar, teremos entón que esperar todos, e quen presentan a moción son vostedes, eu simplemente estou defendendo o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego.

Eu pensei que vostede ía defender a fábrica, en realidade, pero está nunha actitude que ademais incluso chega ao insulto e rolda o insulto, que eu, perdoe, pero cálmase que estamos falando dunha cuestión que ao final son posicionamentos políticos e non hai por que dicir que o contrario di sandeces ou deixa de dicir sandeces ou que se os comandantes, que se non sei canto.

Eu o que estou dicindo e estou poñendo é o proxecto e que presenta Altri, e a documentación que presenta Altri a información pública, estouna poñendo diante do espello. E eu o que pregunto e o que afirmo, non pregunto, é que non é unha fábrica de fibras téxtiles, e xa lles dixeran por que, porque o recoñece Altri na información que pon a exposición pública.

E vostedes din que non van poñer en risco o sector primario de Galiza, pero imos ver, é posible, é posible que non teña ningún impacto unha fábrica que vai fabricar –xa digo– 400.000 toneladas de celulosa en Palas de Rei? É posible que non teña absolutamente ningún impacto na denominación de orixe de Arzúa Ulloa, no marisqueo da Arousa, que é onde desemboca o río Ulla, ou no turismo ou no propio BIC do Camiño de Santiago, cando ten un impacto paisaxístico que é obxectivo? Non pasa polo Camiño, só faltaría que estivese xa no medio do Camiño e que houbese que rodeala para seguir o Camiño de Santiago, pero é evidente que ten un impacto paisaxístico porque estamos



falando de chemineas de 75 metros de altura, e iso é imposíbel que non teña un impacto paisaxístico.

O que hai ademais nos concellos, por certo, que me gustaría aclaralo, non é só desinformación, nin só é descontento. Están perfectamente informados, igual que as denominacións de orixe que están realmente preocupadas están perfectamente informadas. O que pasa é que non queren o proxecto.

E, miren, reitérolo, no Parlamento non se votou o proxecto, votouse unha PNL que dicía unha cousa e realmente o que se presenta é outra, repítollo unha e outra vez, porque o proxecto non foi ao Parlamento, foi unha idea de instalar en Galiza unha fábrica de fibras téxtiles.

Miren, se falamos de ideoloxía, falemos todos, eh. Falamos vostede de se a socialdemocracia, que si el marxismo, que si los comandantes, que si no sé cuánto. Desde cando unha organización política que se di liberal está de acordo con que as empresas se instalen con fondos públicos? Eu, perdoe, pero pensaba que ser liberal era outra cousa, pensaba que ser liberal era outra cousa.

Vostede tamén fixo así como ah!, si, o Partido Popular, non sei que se Altri... quen é e no sé cuanto, claro. A vostede non lle soa de nada o nome de Beatriz Mato e de Antonio Couceiro, son persoas absolutamente alleas ao Partido Popular da provincia da Coruña, non? A que foi conselleira, ademais de Medio Ambiente, e a que foi candidata á alcaldía pola cidade da Coruña, non lle soa de nada, que está na cúpula de Greenalia e que vai ser o partner de Altri para instalar esta fábrica, non lle soa de nada. Tamén son invencións nosas, son invencións nosas.

Mire, se tan seguros están de todo o que fan, se gañaron as eleccións, deberían de estar tranquilos, non?, se gañaron as eleccións, deberían de estar tranquilísimos. Non sei que lles asusta nin a que vén agora todo o escándalo, non?, e toda esa intervención arredor de Ana Pontón. A verdade é que nós alucina bastante, señor Ben.

Eu estou simplemente expoñendo unha posición política. Non teño por que escoitar de ninguén que estou dicindo sandeces, porque eu non o digo de vostede, non o dixen de vostede, así que pido un pouco de respecto tamén.

Sr. García Seoane

Vou votar en contra da moción para evitarlle ao presidente ter que votar co voto de calidade. Non, non, evitarlle ao presidente votar co voto de calidade, por tanto, “llegó el comandante y mandó a parar”, “llegó el comandante y mandó a parar”. Mi voto va a ser el que le va a dar la ganancia en este caso al PSOE y al BNG. Si, si, que é necesario. Serían 15, 14, 15, 15 e van ser 15, 14; por tanto, porque este señor, o do comandante —é igual, xa sei que me entendedes—. Por que vou votar en contra? Porque non me fío destas empresas multinacionais que o único que traen é destrución.

Hai anos montouse en Galicia unha empresa para temas contaminantes, e montouse no norte de Galicia nun municipio, como lle chaman?, pequeniño de mil e pico habitantes, As Somozas, onde está montada a planta de reciclaxe. Cando foi o das vacas tolas, todo o levaban para alí. Aínda está hoxe ao aire, aínda está hoxe en balsas ao aire todo aquilo das vacas tolas. Cando hai contaminación de calquera materia lévase alí. Cando as pranchas de uralita, que agora se persegue os veciños tamén polas pranchas de uralita —tiña que estar morta toda Galicia, porque toda Galicia está chea de chabolos de pranchas de uralita, non?— ben, pois agora perséguese e lévanse alí. Pero, que



sucede?, cando a planta está chea, cando a planta está chea, que non reciclou –que lle prometeron a toda Galicia que ían reciclar– arde, ou ábrese unha canalización dos líquidos e se vai polo río abaixo, como ocorreu agora hai 8 ou 9 meses.

Por tanto, este tipo de empresas que son contaminantes e prexudiciais para Galicia hai que evitalas. Por iso eu vou votar en contra. E non vale dicir “no, es que los técnicos...”, es que vale más el informe técnico”. Os técnicos tamén se corrompen, os técnicos fan cada informe ás veces... Si les pagan bien, hasta firman la muerte de su padre vivo. Así de casos, así de casos, e fálalles un terratenente de terras na Terra de Melide, a miña muller é terratenente na Terra de Melide. Por tanto, eu alí teño case 4 hectáreas –para que o saiban tamén– e por tanto teño alí tamén unha propiedade, e temos algún eucalipto que outro, pero imos cortalos.

Por tanto iso é o que quería aclarar. El comandante llegó y mandó a parar.

Sr. Ben Otero

Señora doña Avia, yo retiro lo de sandez y le pido disculpas por ello. Y les pido a ustedes que nunca más nos dejen la sombra, a veces directamente otras veces de manera más velada, que somos un partido con prácticas corruptas o demás, como vino a decir hace poco, diciendo que nosotros fomentamos, que nosotros hacemos, que nosotros nos dejamos dirigir. Eso es un insulto grave más que decir que usted puede decir una sandez, porque yo de vez en cuando también digo alguna, no tengo ningún problema en reconocerlo, ninguno. Ahora, ojo, porque, claro, hay insultos e insultos.

Y señor Formoso, Altri en As Pontes sería un voto favorable hoy, Altri aquí no. Y una cuestión que dejamos fuera, este no es un proyecto ni de la Xunta de Galicia ni del Partido Popular, es un proyecto de una empresa que quiere instalarse, que entendemos que va a generar un valor añadido y una capacidad de fijar población en el rural, sobre el discurso y mensaje sobre el que pivotó todo el discurso en la toma de posesión del Presidente de la Diputación: que su prioridad era fijar población en el rural, acabar con la despoblación y dar oportunidades. Esto es lo que entendemos nosotros siempre y cuando cumpla escrupulosa y rigurosamente con los informes técnicos preceptivos. Si no, automáticamente, fuera, con un informe negativo, evidentemente tiene que decaer, esta es la realidad.

Yo se lo reconozco, señor Formoso, papelón hoy, un cuajo, un aguante, cada día mandan más, ya vemos aquí representado el cambio de ciclo y no sé yo, esperemos en las siguientes elecciones municipales que un compañero del PP esté ahí. Si no, ya veo al señor Regueira donde está usted y a usted donde está el señor Regueira.

Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Si alguien me tiene que sustituir, que sea el señor Regueira, no te preocupes.

En calquera caso, eu son alcalde das Pontes e nosoutros ofrecemos Altri nas Pontes, si, si, e volvería a facelo 20 millóns de veces, pero non só a Altri, ofrecemos sitio para Ence nas Pontes xa cando chegamos. Pero é que As Pontes ten unhas características socioeconómicas moi distintas á Ulloa, ten uns condicionantes de abastecemento eléctrico moi distintos á Ulloa, ten unha suficiencia de auga moi distinta á Ulloa, ten unha subministración de alta presión de gas natural e a Ulloa non, ten a proximidade a un porto exterior a 30 quilómetros e a Ulloa non... Se quere, seguimos.



En calquera caso, nós non estamos votando en contra de Altri, non. Non estamos votando en contra de Altri. Non, non, non, o que estamos votando é como se están a facer as cousas nese expediente. É dicir, o que non pode ser é que a mesma empresa en tres días cambie de posición tres veces. Ese proxecto foi presentado por Alberto Núñez Feijóo e polo conselleiro delegado, señor João Pina, en Santiago, dando por feito... de feito, eu recordo *La Voz de Galicia*: "Palas de Rei aumenta el precio de los pisos de alquiler un 300% en 24 horas". Xa lle estaban buscando unha praza para poñerlle unha estatua ao alcalde o mesmo día. Pero é que ao día seguinte xa en Portugal e a soas o conselleiro delegado, o señor Pina, dixo que, ben, que a decisión non estaba tomada aínda, que había que –revise, revise a prensa, que o teño moi fresco– había que tomar a decisión no Consello de Administración. Ao terceiro día, dixo: "vale, esa decisión esquecinme de dicir que ten que ser mediante a adxudicación de fondos europeos por valor de 200 millóns de euros". Aos varios meses, cambiou de 200 a 187, que é no que está hoxe, é certo. Independentemente de que o proxecto a min me parece promovido por unha empresa moi seria, paréceme un proxecto serio, independentemente do que pense cada un, vale?, pero o certo é que variou cuestións moi relevantes. E despois o que non pode ser é que presentes un proxecto dicindo que se vai fabricar un produto e despois que sexa outro distinto e, sobre todo, as cifras de emprego.

Non, Evaristo, imos ver, a Xunta de Galicia ideou unha fórmula que me parece excepcionalmente necesaria, na época de Paco Conde e Alberto Núñez Feijóo, que era deseñar, nun país onde o urbanismo é tan complicado de cambiar, e sábeo ben Calvelo, tan complicado de cambiar, que ter unha fórmula na que o Consello da Xunta de Galicia poida decretar un proxecto como de interese estratéxico para un país, o Goberno que ten a lexitimidade de decretalo, faino en base a un expediente que lle presenta ao promotor, e o Goberno galego faino en base a criterios e baremos tan importantes como o número de empregados que vai crear. Se ti vas crear unha empresa tecnolóxica, probablemente a Xunta de Galicia polo pouco impacto ambiental que ten, pois probablemente lle chegue con pouca carga de traballo para xerar. Pero unha empresa que pode ter contestación social, que pode ter risco de impacto ambiental paisaxístico, nas augas, nos rúidos, etcétera, sobre todo ao lado do Camiño de Santiago, necesita argumentos poderosos para explicarlle á sociedade que o proxecto merece a pena e, polo tanto, esta empresa entregou unha documentación onde os postos de traballo que se ían crear eran 2.500 postos. Hoxe, cando xa hai que cumprir o que dixeches, presenta 500. Entón eu o que lle digo á empresa, por iso o noso voto, é seriedade, dicíao Rioboo, acabou dicindo información, información, información, solvencia, solvencia, solvencia. Nada máis que iso. Esa é a nosa explicación.

Imos votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Decae a moción.

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presentan os grupos provinciais do PSdG e BNG relativa ao financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de Axuda no Fogar.



3. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa o financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de axuda no fogar

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámosmos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.



A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contraponemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende os Grupos Provinciais do PSdeG e BNG propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Corporación Provincial da Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a:



1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.
2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
4. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitas grazas, señor presidente. Moi bo día a todos, compañeiros e compañeiras, e benvidos tamén os veciños que nos acompañan no público.

Moción sobre o financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de Axuda no Fogar. Os grupos provinciais do PSdG e BNG, ao amparo do artigo 71.3 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña, desexan someter á consideración do Pleno a seguinte moción.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país. Na dita lei establécese que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas comunidades autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás comunidades autónomas establecer os pertinentes convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración e que estes convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo. Pero a realidade é ben distinta, vemos como o Servizo de Axuda no Fogar, o SAF, tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida do lixo, algo impensable hai apenas uns anos. A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas. A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema e presenta isto como unha resposta ás necesidades. Non obstante, a máis horas e máis persoas o desfase económico para os concellos nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social increméntanse, e mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo módulo/hora.

Os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos. A maiores, a realidade é que, nos últimos anos, o incremento do IPC e a



implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custo da prestación deste servizo, sen que o grupo e o Goberno autonómico do PP teña feito achega ningunha tendente a, dunha vez por todas, cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e a paliar estes elevados custos que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade a unhas condicións de traballo dignas do persoal de Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia. Deste xeito, na actualidade atopámonos con moitos dos concellos que non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora da prestación do servizo.

A situación actual é que o custo dunha hora do Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado á Xunta para este servizo achega 12 euros, mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto, entre 10 e 12 euros cos fondos propios. Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñamos que asumir importantes cargas económicas que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos o SAF supón xa 1 de cada 3 euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes.

Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal, que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola Administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto. Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF en 2023 en 3 millóns de euros. Ano 2022, 50,3 millóns de euros; ano 2023, 47,4 millóns de euros. Estado, o Goberno de Pedro Sánchez aumentou en 2023 as achegas do Goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023 e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listaxes de espera por parte do Plan de choque da dependencia do Goberno de España.

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida. E claro que é a Xunta de Galicia á que lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do Goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falta de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o fondo de cooperación local da Xunta leva unha década conxelado, o que, sumado á asunción por parte dos concellos no financiamento das competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro. Polo tanto, estamos no momento de solucionar un grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse do lado dos concellos, polo que dende o Grupo Provincial do PSdG-BNG propoñemos a adopción dos seguintes acordos:



O Pleno da Corporación Provincial da Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que a día de hoxe asumen os concellos de Galicia.

2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.

3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais os equipos de valoración da dependencia para reducir as listaxes de agarda.

4. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector”.

Moitas grazas.

Sra. Veira González

Si, comparto, como non podía ser doutro xeito, a intervención da compañeira, de Mónica, simplemente por puntualizar ou por resumir dalgún xeito por que asinamos esta moción, e é que desde o Bloque Nacionalista Galego estamos absolutamente en contra de que o Servizo de Axuda no Fogar, que ao final está destinado a axudar ás persoas que están nunha situación de vulnerabilidade importantísima se sustente ao final na precariedade, na precariedade en primeiro lugar das traballadoras, e digo traballadoras en feminino porque son a inmensa maioría das persoas que dan este servizo. Que non é que nestes momentos estean pelexando pola dignificación dos seus postos de traballo, ou pola valorización social dese traballo de coidado, senón que teñen que pelexar constantemente por simplemente esmola, non?, practicamente, que se lles recoñeza a suba do IPC nos seus salarios. Por iso é moi importante que a Xunta se sente e medie nas negociacións dos convenios colectivos, porque o certo é que estamos a falar dun emprego que é absolutamente vital e que se está pagando dunha maneira absolutamente insuficiente ás traballadoras e que é preciso intermediar e poñerlle solución.

Como tamén é preciso, aínda que non estea recollido na moción, revisar tamén como se deseñan e como se fan os propios pregos para licitar o Servizo de Axuda no Fogar, no que tamén é moi importante que se comece a dar a importancia que ten ás traballadoras, que ao final son as que o ofrecen.

Despois, susténtase tamén na precariedade dos propios concellos, nunha precariedade económica que xa se explicaba, que é absoluta desde o punto e o momento no que precisamente o financiamento da Xunta de Galiza nese fondo de cooperación local está absolutamente conxelado, é absolutamente insuficiente e non está á altura das necesidades dos concellos, e non está, nin sequera, á altura de todas esas competencias impropias que ao final a Xunta de Galicia lles acaba derivando aos concellos. Pero tamén na precariedade das propias persoas dependentes e das súas familias, porque a min é que me parece absolutamente alucinante como hoxe en día as familias seguen agardando –e, polo tanto, non teñen servizo para axudar ás súas persoas maiores ou ás súas persoas dependentes–, seguen agardando 18 meses para que se resolvan as valoracións e mesmo para que se actualicen as propias valoracións porque o deterioro das persoas xa é moi grave. Eu creo que é moi importante precisamente que a moción



poña tamén o foco niso, en que hai que reforzar os servizos de valoración para axilizalos e para que as persoas e as familias que sofren ao final as consecuencias da dependencia estean o mínimo tempo posíbel indefensas e sen servizo.

Nada máis pola miña banda.

Sr. Ben Otero

Grazas de novo, presidente.

Coincido con vostede, dona Mónica, en que nos concellos se está facendo moi duro poder afrontar o pago do SAF. Teño moitos compañeiros alcaldes aquí, de feito non hai moito tempo tivemos unha reunión cos alcaldes da nosa provincia, do noso partido, e diciannos que isto era unha dificultade. Iso, aí coincidimos, aí teño que darlle a razón, evidentemente, os nosos alcaldes nolo trasladan e é certo.

A cuestión é, quen non está cumprindo co que está firmado, co que se ten que cumprir, esa é a cuestión. Fíxose unha lei hai anos no Estado, unha lei destas típicas de “yo invito y tú pagas”, sen a dotación presupostaria suficiente; o Estado non está a achegar os cartos que ten que reportar á Xunta de Galiza, estalle a reportar a metade do que lle tiña que dar. Esa é unha realidade e vostede eu penso que o debería saber.

Respecto aos dous primeiros puntos, asumir o custo derivado da redución, e o segundo punto, aumentar o financiamento autonómico, nestes dous puntos dicirille que eu entendo que ao PSOE e ao Bloque lles importa o benestar dos concellos, pero penso que llo teñen que demandar ao señor Sánchez, cando volva dos moscosos que tomou estes días, para que cumpra coa súa obriga de cofinanciar un 50% de atención á dependencia, tal e como establece a normativa neste eido, isto é unha realidade. Vostedes deben saber que para prestar un servizo público como o SAF é preciso contar cos fondos necesarios, esta é unha realidade. Se cos fondos necesarios non se conta, evidentemente, repito, o Estado está a mandar a metade do que tiña que mandar a Galicia no acordado nesta lei, iso é así.

É certo, vostedes os señores do BNG, no acordo de Goberno para cando fixeron a foto co señor Sánchez para darlle o seu voto, unha das cousas que lle demandaban naquel momento era que o Estado cumprira cos fondos de dependencia que non está mandando a Galicia. Entón, dalgún xeito están recoñecendo que hai unha débeda importante do Estado ao longo destes anos coa Comunidade Autónoma, e esa débeda repercute en que a Xunta de Galicia con eses cartos podería mandarlles máis cartos aos concellos, sen ningún tipo de dúbida. Iso é o que hai, porque a día de hoxe Galicia achega o 70% do custo de atención á dependencia fronte ao 30% que afronta o Estado. Este incumprimento supón, nin máis nin menos, que Galicia deixa de ingresar 150 millóns de euros anuais para a atención ás persoas en situación de dependencia, polo que a débeda acumulada desde a aprobación da Lei de dependencia supera os 2.500 millóns de euros. Isto é así, as contas son claras.

Evidentemente, gustaríanos poder contar con eses fondos para seguir incrementando os servizos tan importantes para a dependencia como pode ser o Servizo de Axuda no Fogar; e incidimos niso, é certo que a xente en Galicia a poder ser quere estar na súa casa antes de estar nunha residencia. Isto penso que tamén somos todos, ou, ben, gran parte da xente que eu coñezo é así: se está ben atendida na súa casa, prefire estar na súa casa que estar nunha residencia. Aínda así, o Goberno galego incrementou unha vez máis o orzamento dedicado á dependencia no ano 2024, ascendendo a 652 millóns de euros, case 5 veces máis que no orzamento do ano 2009.



A Administración autonómica segue incrementando ano tras ano a súa achega ao SAF para axudar aos concellos a facer fronte ao custo deste servizo tan necesario. No ano 2021, o Goberno galego negociou coa Fegamp o aumento do financiamento autonómico; en base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subiu un 24% nesta lexislatura, pasando dos 9,7 euros no ano 2020 aos 12 euros no ano 2023. Fegamp e Xunta acordaron que no ano 2021 e no ano 2022 a achega fose de 11 euros a hora. Aínda así, a Xunta adiantou un ano o pago dos 12 euros, que eu recoñezo que son insuficientes, pero o que pasa é que –repito e reitero– que é unha débeda importante do Estado coa Administración autonómica, que ao final está repercutindo nos concellos, que teñen que afrontar o pago dun servizo que, evidentemente, o está deixando nunha situación moi complexa, sobre todo aos concellos, canto máis pequenos e dispersos sexan, moito máis problemática con este asunto.

Eu non vou abondar moito máis nesta cuestión; o que si lle digo e reitero é que nós entendemos que queden dous puntos moi claros. Primeiro, que os concellos si teñen un importante déficit con este asunto, estalles supoñendo a moitos unha situación económica complexa para poder afrontar o pago dun servizo prioritario básico pero, segundo, máis importante, entendo eu, que a reclamación de todos nós, tiñamos que instar o Estado da nación a achegar os cartos que por lei lle ten correspondido achegar ás comunidades autónomas e, repito, están ingresando a metade do que deberían ingresar, 150 millóns de euros menos cada ano que deixa de percibir Galicia, como recolle o texto da lei aprobada no seu momento.

Grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Ben, señor Evaristo Ben, é verdade que lle vou dicir que non podo estar de acordo. Creo que a proba que deu de que os argumentos son os que acaba de manifestar creo que quedan un tanto breves para vivir a realidade. É dicir, podo compartir única e exclusivamente unha cousa, que todos os concellos, todos os alcaldes, concelleiros e concelleiras, estamos sufrindo, sexamos da cor..., porque o problema do SAF non é cuestión de cores, é cuestión da realidade que estamos sufrindo, e que a gran maioría dos concellos estamos afogados economicamente.

Entón, vostede recoñece iso, pero non recoñece..., é dicir, recoñece que hai un déficit, que temos un problema, pero a culpa é do Estado central. Eu creo que o temos que deixar; é dicir, a competencia o que está claro é que é unha competencia impropia que está asumindo, que estamos asumindo os concellos, vale? Primeiro. Segundo, a competencia de financiamento deste servizo é Estado e Xunta. Pero creo que lle dixen, e non inventei os números que están na moción. O que está claro é que a Xunta no 2022 aproba 50,3 millóns; en 2023, 47,4, vale? O Goberno de Pedro Sánchez, ademais díxeno na lectura antes, pasa de 13,9 millóns a 51 e a 65 millóns, por non repetir o que xa dixen antes. Entón, o que está claro é que a competencia de financiamento é da Xunta de Galicia.

Entón, imos ver os prezos. Falaba hai un momentíño sobre o acordo coa Fegamp. Ben, si, ímolo agradecer; estaba a 9,50 e pasamos a 12, en creo que foron en dous anos. Home, a día de hoxe, coñece como están as licitacións que saen nos concellos do PP, do PSOE e do BNG? Estamos a falar, ademais onde non tedes nin en conta sequera, porque o prezo hoxe as empresas hai un convenio, hai horas de días laborables e horas de días festivos, tampouco se recolle iso. Entón, iso é unha situación e un problema máis. Hoxe, como dixen antes, o prezo medio está entre 20 e 24. Un concello como o de Ponteceso sacou a 20 horas e quedoulle deserto. Esa é a realidade, un servizo de primeira



necesidade. Eu son do concello de Vimianzo e creo que esa é a maior prioridade que teño no meu Goberno, é unha prioridade; a xente maior quere quedar na súa casa e precisa desta axuda. Sumado ao problema que dicía hai un momentíño a compañeira Avia, a dependencia.

E teño que dicir algo que quero tamén aproveitar para facer un agradecemento especial ao esforzo do Goberno desta Deputación. Os informes de dependencia, a día de hoxe, esas valoracións están tardando máis dun ano. Mentres os pequenos concellos, afogados como estamos, temos que buscar opcións para atender esas necesidades a través da libre concorrência, unhas horas que estamos soportando os concellos grazas ao financiamento da Deputación da Coruña, se non, a ver como podemos facer esa situación, porque cando unha familia nos vén que precisa esa axuda para o seu pai, para a súa nai, e loxicamente con toda esa sensibilidade como humanos que somos, pois nos encontramos coa situación de que a onde recorremos? Pois temos que recorrer aos fondos propios, e repito o agradecemento á Deputación da Coruña nestes momentos nos que realmente hai unha sensibilidade máxima, e temos e podemos ter subvencionadas horas para poder subsistir e resolver este problema.

Eu creo que está claro que é unha competencia impropia, creo que temos claro que temos unha poboación envellecida, como antes ademais vostede recoñecía, e os concellos pequenos onde os orzamentos, eu son dun concello que non chega nin aos 6 millóns de euros e estamos a falar dun millón só en SAF, só en SAF, iso é algo insostible. As empresas a día de hoxe, as licitacións, como dicía antes, teño aquí varios concellos, onde gobernan distintas cores: Muxía 21,50; Ponteceso 20 euros, quedou deserto; Ordes 22,44 + IVE; Ames 23,32, e contando que ademais teñen distintos prezos en hora laborable, de día laborable ou de día festivo; Oleiros 23,91 + IVE, se non, Gelo, se non teño erro na información; Paderne 22,24.

A Xunta e o Estado págannos 12 euros, é dicir, as contas non dan. A competencia de financiamento non é municipal. Entón, eu creo que ademais isto xa tiña que estar xestionado por parte da Xunta de Galicia, creo que competencias impropias os concellos diso sabemos moito. Entón, creo que temos que tomar medidas, creo que o Partido Popular nestes momentos tiña que estar de acordo ao 100% con esta moción, aprobala, porque, loxicamente, os concellos vivimos, sexa da cor que sexa, vivimos unha situación que me atrevo a dicir que estamos en risco, porque cada día estamos a ver que as novas licitacións se incrementan. No meu concello, no concello de Vimianzo, en 2019 estaba a hora a 13,50; este mes espero sacar a licitación e ímola sacar a 22 euros, esperemos que tamén non quede deserta. É dicir, estamos a falar de que en menos de 5 anos pasamos de 13 a 22. É algo inasumible para os concellos.

Entón, señor Evaristo, o que temos que facer é que a Xunta de Galicia cumpra coas súas obrigas. E o que está claro é que o Goberno de España remite millóns e millóns, e o que non está claro é o que inviste realmente, ou temos claro que dende logo non é suficiente, do que inviste isto en trasladarlle este financiamento aos concellos para deixar de vivir esta agonía.

Grazas.

Sr. Presidente

Papelón, Evaristo, papelón.



Sr. Ben Otero

No, papelón, papelón es el tuyo, principalmente, presidente, el suyo, principalmente, presidente, de Altri, que iso si que...

En este asunto... Yo creo, dona Mónica, a mí cuando me llama señor Evaristo me hace gracia porque el señor Evaristo era mi abuelo, lo conocía la gente como señor Evaristo. Yo soy Evaristo, señor Evaristo era mi abuelo, no, hombre, no, y yo no llego a la altura de él por desgracia para mí.

Vamos a ver, el tema del SAF –repito los argumentos que dices que me he quedado escaso–, porque yo creo que hay una cuestión fundamental. Es que aquí hay una aportación de la mitad de lo que tenía que aportar el Gobierno do Estado, esa es una realidad que es así. La Ley de servicios sociales de Galicia dice que es una competencia municipal esta cuestión; sobre eso podíamos debatir mucho. Hablas de competencias impropias. Oye, ojo con las cosas que podemos hablar hoy, porque pasado mañana se nos pueden volver en contra, porque en la Diputación de Lugo hay una prestación de residencias desde la Diputación que ha tenido muchos problemas, una competencia impropia asumida de forma voluntaria. Y aquí me da la sensación de que también ...(inaudible) estar por este camino. Con lo cual, si queremos transitar hacia las competencias impropias o cuando hablamos de ellas vamos a tener cuidado con las competencias propias e impropias, porque esas palabras se nos pueden volver en contra después.

Pero aquí hay una cuestión clara: la Xunta en el año 2023 aportó 112 millones de euros; 130, un 15% más en este 2024. De los 130 millones 60% son fondos de la Xunta y 40% del Estado. Esto es así. En la actualidad, más de ...(inaudible) personas son usuarias del Servicio de Ayuda en el Hogar. Evidentemente, nos gustaría tener más posibilidades? Por supuesto que sí, pero es que, repito, es que esta moción yo podría apoyarla si dijéramos "Instar a Xunta de Galicia y al Estado, y al Gobierno de la nación, aportando el dinero que corresponda aportar en la Ley de dependencia aprobada en su momento", pero es que aprobasteis una ley de dependencia de "yo invito y tú pagas", esto es así, una ley de dependencia sin la dotación presupuestaria necesaria y suficiente; 150 millones de euros cada año menos de los que corresponde aprobar por ley le aporta el Estado de la nación a la Xunta Galicia. En consecuencia, ¿quiénes son los últimos perjudicados? Los ayuntamientos que están haciendo la gestión de este servicio. Oye, no cuesta tanto reconocer, ¿que podríamos hacer un esfuerzo a ver como se podría...?, pues habría que valorarlo, pero el principio básico, y ese tú no lo reconoces, Mónica, no lo estás reconociendo, es que el Estado aporta la mitad de lo que tenía que aportar, y eso es así. Lo que es medible no es opinable. Es que lo leíste en el papel, ya, hombre ya, es que el papel todo lo soporta, el papel todo lo aguanta, eso es así. Entonces, me gustaría, me cuesta mucho votar en contra de esta moción estando de acuerdo en la situación de los alcaldes que están pasando una grave situación, me cuesta mucho, pero es que me cuesta mucho y tengo que hacerlo porque, primero, no estás siendo justa en tus reivindicaciones, no lo estás siendo, porque te olvidas de instar al Gobierno del Estado, bueno, el presidente ahora está en reposo, de moscoso, no sé, hasta el lunes, supongo que el lunes se reincorporará con más fuerza que nunca y con todo el amor de su corazón para seguir luchando por España, supongo, y a partir de ese momento habrá que llamarle y decirle, "oiga, aporte usted, haga el esfuerzo de aportar un servicio básico y fundamental", especialmente para comunidades autónomas como Galicia.

Y te voy a decir una cosa, ya que hablamos de esto. Llevamos un mandato de un año, aún no llegamos a él en que las prioridades de gobierno, del presidente del



Gobierno han sido la Ley de amnistía; alguien sabrá por qué. Y no nos planteamos que a lo mejor lo que urge en este país, de una vez por todas, es afrontar una reforma de la financiación autonómica y de la financiación local. Ese es el meollo de la cuestión, es el núcleo gordiano de todo esto: no tenemos una ley de financiamiento autonómico que desde luego esté actualizada al momento actual en que estamos viviendo y tampoco tenemos una ley de financiación local que les dé las posibilidades y los recursos a los ayuntamientos para dar los servicios que cada día los ciudadanos les demandan. Este es el meollo de la cuestión, eso es hacer política en mayúscula. La ley de amnistía y otras cuestiones es hacer componendas para sobrevivir un par de años más. Esa es la realidad.

En consecuencia, ¿estoy de acuerdo con el diagnóstico de la situación de los ayuntamientos? Sí, pero no estoy de acuerdo con a quién le achacas tú la culpabilidad, o por lo menos la mayor parte de la culpabilidad la tiene quien no está pagando lo que debería pagar: 150 millones de euros nos deben desde el año 2006 a todos los gallegos por las aportaciones que el Estado tenía que dar a la Xunta de Galicia.

Entonces, lo siento mucho, lamentándolo muchísimo tenemos que votar en contra de la moción.

Nada más y gracias.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Primeiro, agradeceríalle respecto. Eu creo que non é necesario estar aquí nin falando de moscosos nin doutras cousas, hai un punto que é algo que nos preocupa moitísimo. Eu non me metín nesas profundidades, métome exclusivamente no que me preocupa, no que me quita o sono como alcaldesa dun concello que son e creo que é o que nos centra.

Dixen señor Evaristo co maior respecto, señor Evaristo Ben, como faría con calquera compañeiro.

E comparto o que dixo o señor presidente: é un papelón. Eu entendo que isto, pois haberá unhas directrices, como nos dicía hai un anaco aos demais, pero parece que neste caso, sabendo que moitos compañeiros que están aquí pensan e concordan con isto ao 2.000%. Pero hai unhas directrices, podo entendela, podo respectala; non o entendo, vale?, non, podo respectala, non o entendo, porque o que está claro, o que hai que ver é a realidade do que temos os concellos, non me estou inventando que a competencia do financiamento creo que temos todos claro que é da Xunta de Galicia. Téñoa claro con números, podemos estar aquí e coller calculadoras e xogar cos números. Ao mellor é que ese diñeiro que vén do Estado se utiliza para bonos previos, campañas ou outras cousas, vale? Entón o que temos que ter claro é as prioridades dos nosos veciños. As prioridades son as que son e neste caso, sexamos ou representemos as siglas que representemos, aquí hai unha prioridade e unha necesidade absoluta.

Entón, quedo triste, e a verdade que pensaría que nisto puideramos estar de acordo porque, dende logo, eu non vou deixar de recoñecer algo, o Estado ten que mandar un diñeiro, pero estou, mira, cando foi da Fegamp o Estado cumpriu co diñeiro que achegou para esa subida, para min insuficiente, loxicamente mellorouse, pero insuficiente. Entón, o que está claro é que agora mesmo a Xunta-Estado son 12 euros e agora hai concellos que están chegando aos 24 euros. Non sei o que pasará dentro de 6 meses. Esa é a realidade, e iso non podemos tapar os ollos, e a realidade dos problemas que vivimos asfixiados nos concellos porque, mire, poñáme antes, dicíame “vostede



invite e eu pago". Voulle poñer, xa que me invita a dicir isto, que pasa coas escolas infantís? Home, o señor Rueda dinos escolas infantís gratuítas. Como nai agradecida, marabilloso que as escolas infantís sexan gratis. Pero, mire, eu teño unha escola infantil municipal no concello de Vimianzo, sabe quen a paga?, o Concello, e as achegas das familias o paga a Xunta de Galicia, pero creo recordar que non é competencia municipal, e voulle dicir que unha escola infantil como Vimianzo ou moitos outros concellos da provincia o estamos a pagar. Con dicir que as escolas infantís son gratis, non. Entón, iso claro é dicir, vou tomarlle a palabra, concordo con vostede: claro, neste caso o señor Rueda invita, pero paga o Concello. Entón, non. E digo isto por non poñer outras moitas, as escolas infantís, home creo que, ben, será outro tema que tocaremos, pero é que é unha realidade. Entón non me invite a poñer outros exemplos, que é así.

Entón Xunta de Galicia faga os seus deberes, cumpra coas súas obrigas e, dende logo, ten que financiar este servizo e poñerse a traballar noutras moitas cousas, como é que non teñamos familias ano e pico, ano e medio, esperando por eses informes onde recoñezan a dependencia, e non cargando tamén máis tanto nas horas festivas como na libre concorrência que non temos, que temos que buscar outras vías ou deixalo de atender. E non estamos a falar de tapar un foxo, non estamos a falar dun vial, estamos a falar dunha necesidade, dunha necesidade de primeiro grao, e eu creo que ante a sensibilidade que debemos ter como persoas, eu creo que iso non hai escusa, non hai cor política, hai que atender as nosas necesidades e as necesidades dos nosos veciños. Non hai escusa de cor política.

E de verdade que quedo desgustada con que o Partido Popular non poida entender esta situación, cando sabemos perfectamente que calquera alcalde da provincia e da Comunidade Autónoma o está a sufrir.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Só un minuto.

Mónica, yo no veo Estado en ningún sitio, Gobierno del Estado. He estado releendo la moción, no se insta al Estado a nada, a nada. Y te duele mucho y te sientes muy dolida, yo también me siento muy dolido porque realmente esto es tergiversar la realidad. Hagamos un cambio en la redacción de los acuerdos. Esto no, hombre, esto es un poco una tomadura de pelo.

Entonces papelón, aquí tenemos papelones todos, todos los días.

Gracias.

Sr. Presidente

Nós estamos de acordo co que dis. Nós cambiamos agora mesmo a redacción do punto, incorporamos ao Estado na demanda. Pono como queiras, pero o importante é a xente. Pois para adiante, como queres que poñamos?

Sr. Ben Otero

Non hai problema ningún, é dicir: a Deputación insta a Xunta de Galicia a cumprir coa lei e tal e o Estado a achegar a porcentaxe que lle corresponde, faltaría máis, e a partir de aí, se aínda así non chegaran os cartos, evidentemente habería que buscar a



forma de financiamento. Pero eu penso que unha moción deste tipo, se queremos traela co principio de acordo ou con intención de chegar a un acordo, podíamos debater e traer unha declaración institucional, e seguramente habería un acordo sen dúbida ningunha, sen dúbida ningunha. Pero non se trae con ese sentido.

Sr. Presidente

Podemos facer as dúas cousas. Votamos agora esa moción coa incorporación que dis ti, pénsao ben, eh, Evaristo. Papelón. Que a min non me custa pedirle ao Estado, a ti cústache habitualmente de cojones. Se queres, facemos un receso dun minuto.

Sr. Ben Otero

Instan a Xunta de Galicia e o Estado, aportando o Estado o 50% que deixa de aportar cada ano, e logo todo o demais sen problema ningún, sen problema ningún. Que o Estado, non, que o Estado... Pero vamos a ver, Señor Regueira, non, é unha persoa seria: instar o Estado a que cumpra co disposto no acordo aprobado na Lei de dependencia, que aporte o que lle corresponde aportar, que está aportando a metade. E, despois de todo isto, instar as dúas administracións a todo isto, sen dúbida ningunha. Non teño ningún problema, cero problemas.

Eu son secretario provincial do meu partido e voceiro na Deputación e eu estou aquí para traballar cos meus compañeiros e o traballo que fan nos seus concellos, á parte de que estea no Goberno ou estea na oposición, non teño ningún problema. Evidentemente, que o Estado cumpra co acordado na Lei de dependencia, aportando os cartos que ten que aportar cada ano e, a partir de aí, que xuntos se cumpran estas previsións. Non teño ningún problema.

Sr. Presidente

Incorporariamos un punto máis instando o Estado.

Sr. Ben Otero

Non, non, o Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña insta o Estado a aportar a totalidade que lle corresponde pola Lei de dependencia, que non está aportando, e instar a Xunta de Galicia todo isto, sen ningún problema. Eu non teño ningún problema en votar a favor disto.

Sr. Presidente

Sen ningún problema.

Sr. Pérez Fernández

E tamén no punto número 2, Evaristo, aumentar o financiamento autonómico e estatal do Servizo de Axuda no Fogar.

Sr. Presidente

Ben apuntado aí.



Sr. Ben Otero

Evidentemente, estamos entendendo o concepto que queremos aprobar aquí; é dicir, queremos resolver un problema para os cidadáns en primeiro lugar e, para resolver o problema para os cidadáns, temos que aprobalo con recursos económicos. En primeiro lugar, que cumpra quen non está cumprindo coas achegas económicas que ten que cumprir e, en segundo lugar, se aínda non chegara, ver outra forma en que a Xunta de Galicia puidera axudar máis neste tema. Aquí non nos ides encontrar en contra, ídesnos encontrar a favor seguro. Agora, hai unha débeda de 150 millóns de euros anuais do Estado coa Xunta de Galicia, iso é unha realidade.

Sr. Presidente

Evaristo, digo eu, bastaría con incorporar “o Pleno da Corporación Provincial da Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia e o Estado a asumir esas obrigas que veñen despois”?

Sr. Ben Otero

Eu engadiría un punto porque é fundamental. O primeiro punto é que o Estado cumpra coas achegas acordadas na Lei de dependencia no seu momento. O punto número un e todas estas ademais: “a Deputación da Coruña insta o Estado e a Xunta de Galicia a: punto primeiro, o Estado achegará a porcentaxe acordada na Lei de dependencia”. Iso é o primeiro punto e logo os outros puntos tal cal están. Pero é que así.

Sr. Presidente

Ben un segundo, facemos un receso.

Sra. Secretaria

Queda interrompido durante o receso necesario para acordar os termos do acordo.

(Interrómpese a sesión durante uns minutos).

(Abandona o salón a Sra. Agra Tuñas).

(Reiníciase a sesión)

Sr. Presidente

Quedaría, polo tanto, na moción, o acordo sería: “O Pleno da Corporación Provincial da Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia e o Estado a: O punto primeiro sería: Instar o Estado a que cumpra coas achegas establecidas na Lei de dependencia.

O punto dous, sería: Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/23, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que a día hoxe asumen os concellos de Galicia.

O punto tres: Aumentar o financiamento autonómico e estatal do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan



desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.

O catro: Dotar de medios e recursos humanos e materiais os equipos de valoración da dependencia para reducir as listas de agarda.

E o quinto: Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector."

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputada (BNG - en virtude do artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG relativa o financiamento da Xunta de Galicia do Servizo de axuda no fogar

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, increméntase. E mentres a Xunta mantén controlados os



seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámosmos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contraponemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para



Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende os Grupos Provinciais do PSdeG e BNG propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Corporación Provincial da Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia e ao Estado a:

1. Instar ao Estado a que cumpra coas aportacións establecidas na Lei de Dependencia.
2. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.
3. Aumentar o financiamento autonómico e estatal do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
4. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
5. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector."

Sr. Presidente

Perfecto, unanimidade da que nos alegramos enormemente.

Seguinte punto, non hai máis mocións. Rogos e preguntas? Si.

ROGOS E PREGUNTAS

(Incorpórase á sesión a Sra. Agra Tuñas).

Sr. Calvelo Martínez

Buenos días.

En primer lugar, quisiera agradecer la presencia de los vecinos de Barrañán por la situación que un poco ellos vienen a reivindicar sobre la construcción de la senda y las



aceras en la DP-506. Quisiera también agradecerle al presidente el cambio de postura porque no entendíamos al principio por qué no se dejaba entrar a los vecinos. Creo que han mostrado totalmente un carácter respetuoso y educado en su reivindicación, no se han metido con nadie. Sí que es verdad que le agradezco que, después, no sé por qué, permitiera que accediera todo el mundo, yo creo que es libre el acceso a este Pleno.

Y sí que quisiera hacerle un ruego porque, hace unos días, el 11 de abril, trasladé una posibilidad de acuerdo, tanto al Presidente de la Diputación como en este caso a la diputada de Vías y Obras, un poco solicitando, a ver, yo cuando, no por entrar en mucho debate, cuando se habla de competencias impropias, sin ánimo también y sobre todo con una posición totalmente constructiva, nosotros decir que en los últimos años el Concello de Arteixo con el dinero de todos los vecinos hemos hecho las sendas en la DP-501, que es la carretera que va al santuario de Pastoriza; la senda 506, que es la primera fase de la carretera de Barrañán, que están hechas las aceras, que lo veis vosotros y las usáis, 545.000 euros que ha pagado el Concello por hacer esa senda; ha hecho la senda 507, la primera fase, de Lañas a Armentón; ha hecho la senda peatonal de Uxes a Estación; ha hecho la senda peatonal de Loureda, la 511; ha hecho la senda peatonal de A Cachada 513; y estamos ahora ejecutando la senda o lo que es la mejora de itinerarios seguros en la de DP-514. Siete sendas que hizo el Concello con el recurso de sus propios vecinos. Yo lo de competencias propias e impropias que escuché ahora, bueno, me parece muy bien; nosotros, como todos, trabajamos para, en este caso, para los vecinos y hemos invertido más de 3 millones de euros en realizar las sendas de la Diputación, competencia de la Diputación. La Diputación en estos años ha hecho solo una senda, una senda, que es la DP-507, la segunda fase de Armentón a Anzobre. Esto es verídico, real, puedo trasladarle los datos a todo el mundo.

Ante esta situación, y sobre todo ante la situación de inseguridad que tiene actualmente la senda 506 y que se ve todavía recrudescida sobre todo por la actividad en el verano, porque además es una carretera que suele utilizar mucha gente para hacer el *bypass* de lo que es la salida de las playas de Arteixo para unirse con la carretera de Carballo, y ante esta situación y de, bueno, vamos a decir así, profundos desencuentros del Concello de Arteixo con la Diputación, nosotros aquí sí que venimos con una propuesta, que la tienen ustedes desde el día 11, de cooperación en la realización de sendas, y que quisiéramos trasladar aquí, trasladarles también a los vecinos, en este caso de Barrañán, donde el Concello de Arteixo solicita que a cargo de la Diputación, la Diputación dentro de su plan de sendas se hagan cargo de la ejecución de la senda 503, que es la de Suevos, que están con el proyecto, redactando el proyecto, y después se encargaría la propia Diputación de hacerla. Y, sobre todo, para trasladar nuestra máxima colaboración, pediríamos que con la financiación de la Diputación la senda DP-506 nos permitan hacerla a nosotros, al amparo de lo que es el Plan estratégico de estradas de la Diputación, el punto 6.2 "proyectos de iniciativa conxunta", el Concello de Arteixo se compromete a asumir inmediatamente la DP-506, la titularidad nos quedaríamos con ella aunque no estuviera arreglada. El Concello tiene ya el proyecto de esa senda, nos encargaríamos de ejecutar ese proyecto siempre y cuando ustedes estuvieran dispuestos a aportar la financiación.

Pediríamos a la Diputación que se centrara en esas dos sendas y a mayores el Concello haría lo que son otras dos sendas, en la DP-502 la parte de Uxes-polígono de Morás la haría el Concello con sus propios recursos, Concello con sus propios recursos. A mayores también haríamos la travesía de Arteixo-Avenida de Finisterre y la también DP-512 con sus propios recursos; y también a mayores el Concello, para tener esta coordinación y colaboración con la Diputación, estaría dispuesto a asumir directamente la 501, la 502, la 506, la 512, el tramo de la travesía de Arteixo-Avenida de Finisterre y la DP-514 también en la zona que estamos ahora actuando de itinerarios seguros.



Pedimos esta colaboración, pedimos que vosotros hagáis una senda en el plan de sendas, que nos facilitéis la financiación y nosotros ejecutamos la segunda, la senda donde viven los vecinos en Barrañán, la 506; la primera fase ya ha sido pagada y ejecutada por nuestro Concello y nosotros a mayores, con los recursos propios de los vecinos y de los concellos hacemos otras dos sendas e intentamos solucionar este clima de enfrentamiento continuo que tenemos con la Diputación.

Esa es la propuesta y el ruego que trasladamos aquí para que un poco lo valoréis. Es un ruego que está, un escrito trasladado desde el 11 de abril, que lo tienes tanto Valentín como Mónica.

Sra. Rodríguez Ordóñez

En primeiro lugar, se me permitides, quero agradecer a visita destes veciños para que agora nos escoiten. Vou intentar facer unha explicación o mellor posible dende este ente provincial, a Deputación da Coruña, onde eu como deputada de Vías e Obras, loxicamente, me encantaría poder estar redactando proxectos, executar obras en todas as vías provinciais, que estamos a falar de máis de 2.000 quilómetros.

Independentemente de que, señor Carlos Calvelo, discrepo en moitas cousas, seguramente sexan temas políticos que para nada vai ter que ver coa veciñanza, que entendo e respecto e, por suposto, cada veciño ten dereito a pedir que a estrada pola cal circula todos os días estea o máis adecentada posible.

Voume referir á 506, eu teño constancia, salvo erro, que pode ser, que presentaron un escrito o 23 de marzo de 2023 ao Servizo de Vías e Obras. As primeiras actuacións nesta DP indican que fixo o propio Concello, aí concordo, Carlos, que solicitara previamente en diversas ocasións. Eu a única información, o único documento que teño é de marzo de 2023.

Entón, somos conscientes de que hai aí unha primeira fase que se fixo pagada polo Concello, segundo consta na miña información, na 506, que foi obra, é complementario de 198.000 euros, que vén sendo...

Despois falamos porque, Carlos, a ver, tamén teñen que saber os veciños que levamos moitas reunións, vale?, onde ademais fun chamada a ir Arteixo, e vou encantada a Arteixo e a onde faga falta, a calquera concello da provincia. Non me gusta ademais, eu creo que a confrontación política creo que é o peor que existe dentro da política, entón non vou buscar iso, Carlos. Eu creo que me puxen á disposición, todo o departamento, quero agradecer ademais do xefe de servizo e de todo o equipo a disposición sempre para estudar e mellorar esas vías de Arteixo, sexa a 506 sexa a 514 ou a que sexa. É máis, na última reunión que mantivemos, alcalde, o 5 de abril, non moi agradable, porque eu creo, e teño que dicilo, espero dicilo pois dende logo con toda humildade, creo que as cousas non se deben facer así. Hai reunións, hai mesas de diálogo, podemos non estar de acordo, pero as cousas hai que falalas con respecto. E tamén entendelo, esta Deputación ten 93 concellos, como dixeran antes, máis de 2.000 quilómetros, e un alcalde non pode dicirnos ou impoñer, houbo unha petición por parte do alcalde; por parte da Deputación dentro das prioridades e dentro dun orzamento que hai non se pode todo é facer mañá, loxicamente hai que ver como están as vías, cales son as vías máis prioritarias. Hai que recordar tamén que agora mesmo non é que a Deputación non atenda Arteixo, porque nestes momentos está un estudo redactor que foi adxudicado porque se licitou aquí para facer o proxecto na DP-503; estamos a falar dun proxecto ao mellor de arredor, non está o proxecto cerrado, pero ao mellor estamos a falar dun millón e medio. É dicir, hai un proxecto que ía vir a este Pleno, porque tamén me gustaría saber



por que o señor Calvelo no primeiro punto deste Pleno non foi partícipe, ían sendas ao mellor do Concello de Arteixo, pero o señor Calvelo neste Pleno, nese punto do Pleno, hoxe non participou. Na comisión do outro día ausentouse. Claro, non somos deputados dos nosos concellos, somos deputados da provincia, vale? E creo que temos que velar por mellorar e facelo da mellor maneira polos 93 concellos. Loxicamente, hai un orzamento e hai unhas necesidades. Hai unha xestión dese orzamento, creo que en ningún momento foi desatendido Arteixo, nin vai ser desatendido Arteixo, porque loxicamente é un concello máis, pero o que non podemos é xogar con esas imposicións. Temos que xogar co diálogo, con tratar de axilizar todas as tramitacións que dende que nace un proxecto, veciños, ata que se executa pois tarda un tempo, como é o caso este de Suevos e outros.

Tamén dicirille que, aínda que o señor Calvelo se ausentou no primeiro punto e preferiu non estar para votar proxectos de melloras de capa de rodadura e dunha senda no concello de Arteixo, é un pouco sorprendente, nesa reunión do 5 de abril tiñamos previsto meter neste Pleno, aprobar un proxecto de Arteixo, de 225.000 euros, que vén sendo na DP-514. O señor alcalde manifestounos que non quería que a Deputación fixera esa obra, a pesar de estar o proxecto rematado e todas as tramitacións e todos os trámites, informes e demais, autorizados para poder levar nesa comisión. De feito, díxonos así, manifestounolo verbalmente e dende o Departamento de Vías e Obras o día 10 de abril remítese unha carta para dicir se o Concello quere ou non quere, vamos porque ao mellor tiña decidido poder facelo eles, pero non tivemos ningunha resposta. É certo que recibimos unha carta despois cunhas propostas que loxicamente se analizarán e se irán priorizando segundo, loxicamente, as necesidades, segundo o orzamento e que coa mellor intención e con todo cariño sen dúbida para os veciños e veciñas de Arteixo. Pero unha vez máis agradecería, señor Calvelo, que todo isto sexa con diálogo. Non teño inconveniente en ir a Arteixo, en falar con estes veciños, en ver as necesidades destas DP e doutras. O que faga falta, estou á disposición, pero á disposición sempre con diálogo, con respecto, e entender tamén que consideración que hai moitas viais provinciais as cales temos que atender.

Grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Sobre todo para intentar que esto sea un ánimo constructivo, nosotros mandamos dos proxectos a la Diputación. Uno era la parte inicial de donde está el cruce de Caión hacia la zona de la Catuxa, que ya hay aceras, hay un proyecto de reforma, pero ya existen aceras. Y mandamos un segundo proyecto, que es en la carretera de Louredo, después de hacer nosotros, el Concello las aceras de Ervedíns, pedimos que se completara. Claro, ese proyecto vale 475.000 euros. Ese proyecto, además, se hizo en coordinación con los técnicos de la Diputación, que lo que no puede ser es que nos manden hacer el proyecto de una manera y que llegue por parte de Vías y Obras y nos diga, "oye, ¿cómo que tenéis una carretera de 5 metros y unas aceras de 2 metros? No, vamos hacer una carretera de 6 y aceras más pequeñas". Es decir, nos boicotearon ese mismo proyecto habilitado por ellos para después decirnos que nos quieren hacer el tramo de la entrada de la carretera de Caión al principio Arteixo porque vale 225.000. Y nosotros, yo, lo que he hecho, he trasladado aquí, es un acuerdo de colaboración después de hacer 7 vías y 7 sendas provinciales, 7, que las ha hecho el Concello, que lo pagó con los dineros de todos los vecinos de Arteixo, 7, 7, y que la Diputación solo ha hecho una; si tengo que escuchar la anterior moción que estaban hablando de competencias impropias, las competencias impropias en Arteixo es totalmente indignante. Y yo lo único que traslado aquí, oiga, es: vamos a cooperar, colaborar, oiga, sé que están ustedes haciendo y redactando el proyecto de la 503, más o menos con los plazos y los



tiempos que están manejando ustedes son más de 2 años y medio para hacer las aceras en Suevos, y lo único que le estamos pidiendo, oiga, hacemos nosotros la 506, continuamos las aceras de Barrañán, porque ya tenemos el proyecto, porque sabemos expropiar y tenemos capacidad de licitación y de gestión, y que pedimos poder licitar esta obra a partir del 2025.

Yo creo que, si no aceptan esta propuesta, nosotros, el Concello de Arteixo, se va a desentender completamente de las sendas, que es competencia de la Diputación, y también os puedo garantizar que antes del 2027 no tenéis senda en Barrañán de por vida. Porque los tiempos y los plazos de ustedes son muy superiores a los nuestros. Y estamos pidiendo esa colaboración diciendo, oiga, encárguense ustedes de estas, nosotros hacemos las otras y yo creo que eso, Dios mío, es que no hay nada evidente, no hay ninguna cifra ni dato que nos pueda decir. Que el otro día sé porque nos trasladasteis hacer el proyecto que habíamos solicitado de la avenida de Caión, lo sé, lo sé porque me he levantado, yo me he levantado porque no estoy de acuerdo con los proyectos que se están trayendo hasta que haya un verdadero plan estratégico de sendas y que haya unos repartos objetivos de la realización de sendas, lo sé. Y hemos presentado alegaciones al plan estratégico de sendas, que me gustaría que lo vieran, donde se han analizado carretera por carretera de Arteixo el estado y que nosotros lo único que pedimos es si hay un plan objetivo de reparto, en este caso de los criterios de participar para hacer las sendas, que puede ser 24, 25, 26, 27, pero un criterio objetivo. Pero, claro, aquí se llega y Arteixo, no sé por qué, sí que hay un clima de enfrentamiento o porque estamos forrados, en Arteixo no corresponde que se puedan hacer sendas. Si tenemos ahí... Presentamos hace un año esos dos proyectos, en Loureda y en Arteixo, hace más de un año para que hicieran las sendas, no nos contestaron y nos contestan ahora en última hora para meterla. Yo se lo traslado, Mónica, nosotros preferimos que esos dos proyectos que hemos presentado, por favor, que tiene un problema de más inseguridad la senda de Ervedíns, que hagan ustedes, la Diputación, la senda de Ervedíns y el Concello de Arteixo asume con sus fondos propios la senda de Caión, esos 245.000 euros que tienen ustedes presupuestados. Pero hagan ustedes la de 475.000, hagan las expropiaciones, hablen con los vecinos, y sobre todo al, final, cuando estamos hablando de competencias propias, pues hagan todos.

Yo no aspiro a que ustedes me inviten y nosotros paguemos. Yo no aspiro a que por lo menos pensemos en la situación de seguridad de las carreteras, no solo de Arteixo, sino de toda la provincia. Y, de verdad, plantéenselo, tener unos criterios objetivos de reparto de financiación para hacer las sendas. Arteixo, el Concello ha hecho 7 sendas en carreteras de la Diputación, competencia impropia, competencia impropia, y la Diputación ha hecho una senda en sus propias carreteras en los últimos 9 años.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Como dixen antes, non quero buscar a confrontación. Creo que o que debemos facer tanto vostede como eu é resolver os problemas e, dende logo, as preocupacións dos veciños, que iso o meu compromiso está adquirido en poder facelo coa maior brevidade, non só por Arteixo, senón por todas as vías provinciais dentro da posibilidade. Loxicamente creo que vostede, como alcalde, sabe que temos que administrar un diñeiro, e imos executando segundo esas necesidades. Pero si que teño que recordarlle novamente, eu creo que nos reunimos en varias ocasións, visitei Arteixo, sigo estando disposto ao que faga falta.

Fala dun plan estratéxico, un plan estratéxico que oxalá a Xunta o tivera así e agora veñen as alegacións e só falamos de Arteixo. Home, a provincia ten 93 concellos, señor Calvelo, vólvolle dicir, mire, e outros... Non o interrompín, nin lle gritei, nin o vou



facer, non. Vostede a min xa o fixo con gritos e outras cousas, e faltas de respecto tamén. Incluso aos técnicos desta casa, que creo que non se merecen en ningún caso. Eu non lle vou gritar e vostede deixe de gritar, porque non ten por que gritar, ao contrario, vamos, se falamos e dialogamos polo ben dos veciños, creo que vai ser o mellor.

Entón, falaba antes dos técnicos, eu creo que os técnicos cando informan un proxecto non informan á medida nin do deputado, nin do presidente, nin de ninguén. É dicir, informan, hai uns procedementos, que non os inventamos, hai unhas autorizacións, hai unha redacción de proxecto, hai unhas autorizacións e logo licítase. Ese proxecto estaba para levar vostede, que quere administrar a Deputación á súa medida, non é posible, señor Calvelo, e ten que, de verdade llo digo, con todo o cariño, non é posible, vale? Eu entendo que vostede queira as melloras no concello de Arteixo, é lícito, e enténdoo, vale? Non quero entrar na confrontación dos números. Xa sei, vostede trouxo os veciños e benvidos son aquí neste salón da Deputación, sen dúbida, e temos que atender e imos escoitalos e o que sexa. O que non pode ser é como foi a última reunión, esas cousas que creo, creo que hai que falar cos veciños e non está ben, non imos estar aquí xogando coas matemáticas, pero vostede sabe que non é certo que só se fixo unha senda, sabe que nos últimos anos hai pois millóns de euros investidos dende a Deputación no concello de Arteixo, millóns. Sabe que se pode demostrar, non imos entrar niso.

En definitiva, para cerrar este tema, dicirle que estamos á disposición, aos veciños, que se están a facer os proxectos, que iremos vendo as necesidades, os técnicos da casa ou incluso externamente se fose necesario e, dende logo, iremos atendendo ás peticións da mellor maneira, así como faremos no resto dos concellos.

Grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Lo vuelvo a decir, yo ofrezco este acuerdo de colaboración entre Diputación y Concello, sobre todo para los vecinos que están aquí, para que vean el efecto práctico que se puede decir, para que salgan de aquí diciendo oye, ¿qué se puede hacer? A nosotros, si ustedes nos dan la financiación, nos comprometemos, tenemos ya el proyecto, nos comprometemos a licitar a principios de enero, a principios de enero del 2025 el proyecto y en verano que esté ejecutada la senda, con la colaboración de ustedes, Valentín. Es lo único que pedimos, es lo único.

Sr. García Seoane

Quería facer un rogo, presidente.

Desde Alternativa dos Veciños pediríalle ao señor presidente que no ano 2014 se firmou un convenio co Concello de Arteixo, un convenio onde lle dan ao Concello de Arteixo 6 millóns e pico de euros para que gaste o Concello de Arteixo en melloras dentro do polígono de Sabón. Pero entre esas melloras, dúas sendas, que a día de hoxe están sen facer. Inexplicable, porque os cartos xa os deu a Deputación, e están sen facer as dúas sendas, que supoñen un millón e pico de euros. Por tanto, rogaríalle que se obrigue a executar esas dúas sendas, xa lle deu os cartos a Deputación e que se fagan. Desde Alternativa dos Veciños pedimos iso.

Sr. Calvelo Martínez

Perdone, perdone, por alusiones.



Mire, breve. El Concello asume el polígono de Sabón hecho una piltrafa. Comprometen 5 millones de euros, donde la mitad, 3 millones de euros se van para poner agua potable en el polígono, que no lo tenía la Diputación; que la inversión que se ha realizado de manera conjunta Diputación, Concello y Xunta de Galicia supera los 14 millones de euros y esta gente pagó 5.900.000. Que lo que hemos solicitado es que esas dos sendas...

Sr. Presidente

Un poco de respeto.

Sr. Calvelo Martínez

Perdone... es que esas do sendas que quedan, una introducir el nuevo modelo de movilidad, que es meter un carril ciclista para conectar todo Vilarrodrís con la playa de Sabón, que tenemos de plazo hasta octubre del 2026. Y yo aquí lo único que estoy pidiendo es un convenio de colaboración donde nosotros hagamos una parte y la Diputación otra. Es que ¿qué tiene que ver el polígono de Sabón? el Polígono de Sabón Ojalá no lo hubiéramos cogido! Ojalá que no lo hubiéramos cogido! Y ojalá que siguieran sin aceras, sin agua y en una situación demencial como estaba, ojalá que no estuviera así!

Sr. Presidente

Ya, Ya...

Sr. Calvelo Martínez

Y aquí lo único que estoy pidiendo es un convenio de colaboración. Si queréis en ese sentido que sea una realidad cierta, próxima, nosotros, si nos ofrecéis la financiación, asumimos la carretera, la 506, la asume de titularidad el Concello y realiza la obra. Es que ya más no sé lo que puedo hacer y ya no sé más qué puedo pedir, ya llega un momento que, le vuelvo a decir, al final vamos a tener que nosotros, no es nuestra competencia, lo siento, la carretera es de la Diputación, la responsabilidad es de la Diputación, y el día que haya un accidente y que haya un fallecido, alguien va a tener que asumir esa responsabilidad y no va a ser el Concello, porque aquí estábamos hablando de demasiadas cuestiones, de un abandono de esa carretera y lo vuelvo a repetir: a nadie, a nadie, a nadie le importa en esta Diputación el día que atropellen una persona y la maten, porque el día que atropellen a una persona y la maten entonces sí que voy a coger la responsabilidad y presentaré las denuncias oportunas, porque están avisados, pidiendo la colaboración para poder ejecutarlas y parece que aquí nadie le importa. En Ervedíns, que pedimos hacer esa senda, pedimos a la Diputación que la haga, ya hubo un atropello de dos personas que casi mueren, en Ervedíns, esa no importa hacerla, hay que coger la barata, para que Arteixo tenga la senda barata. Me parece que se está tomando de manera muy a la ligera lo que es la situación de seguridad de la sendas y las carreteras de la Diputación, que está advertido en su propio Plan estratégico, donde dice que la mitad de las carreteras de la Diputación carecen de ancho viario. Y yo, oiga, que lo he hecho de buena voluntad, le ofrezco en este caso colaborar, ustedes hacen unas, nosotros hacemos otras, y nos quedamos con 5 carreteras de la Diputación, con 5 carreteras de la Diputación.

A veces me enfado, me enfado, pido disculpas, pido disculpas, me enfado. Pero, oiga, cuando dicen "es que, claro, por estas 5 carreteras, por estos pocos quilómetros...". Oiga, lo vuelvo a decir, creo que asumimos 11 kilómetros de los viales de la Diputación,



que también eran carreteras que tenían que ustedes mantener. No pedimos que se nos dé de más, lo único que pedimos es poder colaborar y, si ustedes invierten en un millón en sus carreteras, el Concello está dispuesto a invertir otro, casi como una colaboración del 50 %, como presentasteis en la moción anterior, en su competencia, en sus carreteras. Usted invierte uno, el Concello invierte otro. Esa es la máxima propuesta. Y tenemos la capacidad para ejecutar rápido, rápido, porque tenemos el proyecto de la DP-506, tenemos el proyecto de Barrañán. Podemos empezar a hablar con los vecinos el mes que viene para poder poner a disposición los terrenos. Y les pedimos el compromiso de la financiación en los presupuestos del 2025 de ustedes. No se lo pedimos ahora, licitar nosotros en el 2025 y ejecutar en el 2025, y después nosotros asumimos esa carretera y asumimos esa carretera antes de que esté terminada y antes de que esté rematada. Ya es la desesperación.

(Aplausos.)

Sr. Presidente

Preguntabas agora, para empezar é un rogo, non é un debate, polo tanto, os rogos acostuman ser bastante máis breves.

Pero, ben, xa que tes a amabilidade de traer a veciños e veciñas de Arteixo, a quen aproveito para saudar, en primeiro lugar, nós desde o primeiro momento, eu persoalmente desde que me preguntaron a min se podían pasar, dixeron que si a todos, non a 3, aquí vén todo o mundo que vén con calquera reclamación. Veu o Concello de Oza-Cesuras co seus veciños, ningún inconveniente; viñeron os bombeiros en situacións complexas, ningún inconveniente. Están hoxe aquí sen ningún inconveniente, agradezo ademais o ton e, como non pode ser doutra maneira, a educación coa que están aí aguantando un Pleno completo para cando en realidade veñen a falar dunha estrada concreta.

Preguntabas ti, Carlos, agora unha cuestión fundamental nesta casa, que é que máis podo facer?, como podo pedir?, pois con educación. E non me refiro a este Pleno, onde estás sendo bastante educado ou moi educado podo dicir. Refírome ao resto dos días, onde non hai cámaras, nin hai veciños diante nin veciñas. Gustaríame que actuaras da mesma maneira porque eu che teño moito aprecio persoal e moito respecto persoal... ¿Tú no?, bueno, pues yo a usted sí.

Agora, o que si que entendo que aquí hai algún tipo de problema, non sei cal é, pero algún tipo de problema hai. Se houbese unha cámara nas comisións onde os veciños e veciñas viran como actúa o seu alcalde, seguramente non estarían aplaudindo o que acaban de aplaudir, e dígoos con total honestidade, con total honestidade.

Ben, Carlos, Carlos, eu escoiteite, te pido que me respetes, e agora vasmе escoitar ti a min. Iso en primeiro lugar, respecto e educación. Respecto e educación.

En segundo lugar, dicirlles aos veciños e veciñas que eu son alcalde da miña vila, e isto que está explicando el como se fora un esforzo enorme por parte do Concello de Arteixo, que fai beirarrúas que non lle corresponden, porque as estradas son da Deputación, pois o concello das Pontes ten moitas estradas da Deputación, e voulles dicir que se acerquen por alí á avenida da Habana, que é unha estrada da Deputación, onde levamos 3 fases feitas o Concello con fondos propios, 500.000 euros, e o que nos queda aínda. Poden achegarse vostedes á estrada do pantano da Ribeira, que é unha estrada moi longa que levaba a unha antiga parroquia que se chama Somede, onde fixemos unha senda longuíssima, longuíssima, que paga o Concello das Pontes, non a Deputación. Pero



é que levamos gastado preto de 2 millóns de euros en estradas que son competencia da Xunta de Galicia e nos tocou a nosoutros renovar os pavimentos que estaban destrozados nas beirarrúas. Pero falo do meu caso, pero poderíamos falar de todos os alcaldes e alcaldesas que están aquí.

Eu defendo loxicamente a forma de facer política de Carlos Calvelo, que é defender os intereses dos seus veciños e veciñas, pero o mundo é moi grande, e neste caso a provincia é moi grande, son 93 concellos, o orzamento é o que é. Nós investimos en Arteixo, probablemente podíamos investir máis? Seguro, seguro, moito máis. A el parécelle pouco douscentos e pico mil euros para facer unha actuación nunha estrada, a min encantaríame que o tivera feito a Deputación no seu día na miña estrada, teríame encantado, incluso hoxe non renunciaría a ningunha subvención da Xunta de Galicia nin da Deputación de 200.000 euros, nunca. Pero a Deputación, á parte dos investimentos que están aquí relacionados das distintas estradas, nós vemos que con cartos da Deputación se fixo a senda peonil na Cachada, se fixo a senda peonil na glorieta da avenida Arsenio Iglesias e Rañal, a senda peonil na AC-552 entre O Quinto Pino e A Maceira, a senda peonil...

Sr. Calvelo Martínez

Es el dinero del Concello, eh!

Sr. Presidente

Estou falando eu, estou falando eu!

Sr. Calvelo Martínez

No puedes mentir, Valentín, no puedes mentir.

Sr. Presidente

Primeiro aviso, primeiro aviso.

Sr. Calvelo Martínez

Va a ser la primera vez que echen a alguien. Os está mintiendo, es dinero de los vecinos.

Sr. Presidente

Carlos Calvelo, segundo aviso. Á terceira sabes que tes que marchar. Chámase educación, eu estou falando, vale? Se consideras que estou mentindo, denuncia a mentira. Ben, pois faino cando queiras.

Terceiro lugar, financiamos a senda peonil en Laxobre, a primeira fase; a senda peonil na AC-552, entre Quinto Pino e A Maceira; financiamos a senda peonil de Coque-Igrexario de Larín. Isto finánciase co Plan de obras e servizos da Deputación, que se aproba por unanimidade de todos os presentes e as presentes para este Pleno, para os plenos.

Ese Plan de Obras e Servizos financia obras en todos e cada un dos concellos, en función de criterios puramente obxectivos. E voulles dicir, ese plan cando nós chegamos financiaba a Arteixo con 900.000 euros, durante todo o ano 2016; saben canto recibe este ano 2023 só no que vai de ano? 2.200.000 euros. Con eses cartos pode facer obras nas



sendas peonís, pode facer as que queira, ten autorización absoluta desta casa. Polo tanto, nós estamos dispostos a negociar calquera plan, estamos dispostos a chegar a acordos con Arteixo, pero non só con Arteixo, senón con cada un dos 93 concellos desta provincia.

Moitas grazas.

Algún rogo máis?

Sr. Calvelo Martínez

A ver, está muy bien esta demagogia. El Concello de Arteixo...

Sr. Presidente

Sométete á seguinte cuestión porque, se non, tes que marchar, Carlos. Chámase educación.

Sr. Calvelo Martínez

Tiene razón. Mire, ahora no le voy a hacer un ruego, le voy a hacer una súplica, incluso hasta si quiere me pongo de rodillas. Yo, de verdad, si tengo que ir al despacho, me pongo de rodillas.

Mire, por favor, le pedimos, por favor, que aprueben el convenio del traslado de la parcela de bomberos, se lo pedimos por favor. Hemos remitido el 18-10-2023 la propuesta de convenio y el anteproyecto del proyecto; el 21-11-2023 se lo hemos vuelto a solicitar; el 29-11-2023 y el 4-12-2023 le hemos pedido unha reunión; el 4-12 le hemos mandado otra vez el borrador de convenio; el 13-03 otra vez el convenio modificado con el compromiso de modificar la pendiente de la cubierta que tenían ustedes; el 1-03 le hemos remitido los pliegos de contratación nuestra; el 18-04 le remitimos la propuesta de adjudicación de la redacción del proyecto y se reitera otra vez el texto del convenio; el 25-04 se solicita otra vez, en este caso, la firma del convenio.

Hoy nos encontramos o me encontré a Graciela en la entrada y me dijo que el convenio está en sus manos, que depende de usted. Es iniciando desde octubre de 2023 a... Lo único que se pide es la firma de un convenio, un convenio que tiene que hacerse cargo el Concello de Arteixo de pagar el nuevo parque de bomberos. Por favor, se está retrasando la firma de ese convenio, se está retrasando lo que es la propia ejecución del propio parque y lo único que pedimos es que, por favor, si está en manos de usted que, por favor, que nos conteste a ese convenio. Es lo único, ya, si quiere me arrodillo; si quiere, prometo ser bueno a partir de ahora y educación, que nos van a recibir y nos van a atender muy bien. Yo lo que quiera, yo lo que dice, yo hasta, creo que fue enero del 2023, le tenía un gran aprecio a usted, se lo tengo que decir así; hasta enero del 2023 siempre he tenido un gran aprecio, un respeto para usted. Desde enero del 23, lo tengo que reconocer que no, creo que ha sido injusto con el Concello de Arteixo, muy injusto, nos han llevado al Juzgado por este convenio, por esta parcela nos han llevado al Juzgado. Está aún encima parado el proceso judicial a expensas de que haya este nuevo convenio. Creo que ha obrado de una manera totalmente injusta y lo único que pedimos ahora es que, por favor, está en sus manos, dé traslado a ese convenio, dé el visto bueno a ese convenio, nosotros lo tenemos que llevar a Pleno. Después hay que traerlo aquí al Pleno de la Diputación y después se tiene que licitar y después se tienen que ejecutar las obras. Es que no entendemos este retraso. No entendemos.



Y le vuelvo a decir, hasta enero del 2023, siempre le he tenido un grandísimo aprecio, Valentín, se lo digo. Y tengo que reconocerlo que me disgusta tener esta relación con usted, pero es que yo no veo otra solución. Le he pedido reuniones, he hablado... Es que no lo sé, llega un momento...

El siguiente ruego es la parcela, la permuta de las parcelas también de la avenida de la Playa. La primera solicitud de informe es del 20-02. Hemos reiterado el segundo informe el 3-04. También me dicen que está pendiente de la firma de usted. Estamos hablando de la posibilidad de poner en riesgo a una empresa con 700 puestos de trabajo. Yo, como comprenderá, lo único que le pido es, por favor, si no quiere, infórmenos desfavorable o llévenos otra vez al juzgado pero, por favor, informen porque nos están bloqueando la posibilidad de ejecutar y poniendo en riesgo puestos de trabajo. Es que es lo único, no va a haber entendimiento. Yo creo que el clima ya es demasiado conflictivo. No hay posibilidad de... Yo, de verdad, si necesita que me ponga de rodillas y que le pida perdón, yo se lo pido, no tengo ningún problema, lo reconozco. He peleado muchas veces por distintas cuestiones del Concello pero, si tengo que rebajarme en este caso a pedirle perdón, le pido perdón pero, por favor, respóndanos los trámites.

Sr. Presidente

Acabou? Grazas.

Non fai falta que se poña de xeonllos, ninguén vén aquí a pedir nada de xeonllos, simplemente con que sexa educado cando non hai público diante é máis que suficiente.

Respecto a esta cuestión do parque, dicirlle, os deputados e deputadas, non sei se todos o saben. Nós soubémolo pola prensa de que o Concello de Arteixo vendera a unha empresa un parque de bombeiros público. Evidentemente, tivemos que ir á Xunta de Galicia, que é copropietaria dese parque de bombeiros, e a Xunta de Galicia e a Deputación, co asesoramento dos técnicos, non nos quedou máis remedio que denunciar esa venda. A Xunta de Galicia, da mesma cor política, que goberna o 50% dese parque, decidiu con nós ir ao xulgado. Nada máis que dicir.

Dende o minuto un dixen aquí publicamente, eu coa operación que vostede formula estou totalmente de acordo. Esa operación estase levando a cabo, pero seguindo os trámites, seguindo os trámites. Os ritmos burocráticos non os marcamos nós, as normas burocráticas que se han cumprir non as marcamos nós, márcanas outras instancias. En calquera caso, nós estamos de acordo coa operación, pero o que nunca imos admitir son as túas formas, Carlos; non podemos admitir as formas que os nosos técnicos consideran ilegais absolutamente, que é vender un parque público a unha empresa privada. Punto. Agora, se o informe dos técnicos é favorable e está na miña mesa, xa che digo que agora en 10 minutos estará firmado, pola miña parte.

Non sei se tes algún rogo máis?

Sr. Calvelo Martínez

Nos denunciaste injustamente porque el juzgado reconoció...

Sr. Presidente

Tes dous avisos. Síntoo moito, é un rogo, non é un debate. Polo tanto, se tes algún rogo máis?



Sr. Calvelo Martínez

Para lo que queda prefiero que no me expulses.

Es así, tienes razón.

Sr. García Seoane

Eu teño un rogo relacionado con ese tema. Porque ademais quen denunciou no seu día o feito ilegal de vender unha parcela pública a unha empresa privada fun eu, aquí na Deputación, e paréceme un delito. Eu creo que Carlos está moi preocupado agora a que isto se resolva rápido porque, se hai xustiza neste país, vano condenar. Eu non quero que condenen a Carlos, eu creo que Carlos é un bo alcalde, pero Carlos ten que cambiar algunhas cousas, que non as cambia, non é o rei Midas, polo tanto ten que actuar legalmente, porque agora mesmo xa está proxectando outra vez outra parcela pública que lle deu a Deputación, dun campo de fútbol, pasarllo a unha empresa co alegato de que se van crear 500 postos de traballo. De que coña me están falando? Se esa empresa, Jevaso ou non sei como lle chaman, quere unha parcela, tenas alí noutro polígono de Sabón. Por tanto, esas parcelas son dos veciños, que llas deu a Deputación por un prazo de 30 anos, e onte no Pleno volveron falar deste tema. Coidado, non cometamos erros de perdoar, de perdoar, e logo veña outra vez con máis do mesmo. Non podemos actuar así, presidente. Hai que ser coherentes e hai que actuar coa lei na man, como vostede dixo nada máis empezar a contestación a el. Por tanto, Carlos ten que cambiar algunhas cousas. Volvo dicir, para min é un bo xestor, non?, pero ten uns defectos graves.

Sr. Calvelo Martínez

Solo un matiz, no es por meterme en nada. No tiene nada que ver la permuta de Jevaso con la venta de la parcela 24, que la parcela era parcela municipal, no tiene nada que ver. Pero para aclararlo es: Jevaso cambia unas superficies por otras dentro del mismo polígono, el Concello no gana nada y lo que sí que podemos ganar en este sentido, o no perder, el riesgo de que la empresa Jevaso con 700 trabajadores en Arteixo se vaya del polígono, se vaya de Arteixo. Y no se va a ir para As Pontes, que ojalá, se va a ir para Zaragoza o Madrid, donde tienen la sede y donde tienen las bases, y donde tienen realmente el mercado. Aquí lo único que se está pidiendo, Jevaso es propietario de las parcelas colindantes, colindantes, tienen todas las parcelas colindantes y solicitan permutar para ellos poder crecer y agrupar y poder tener una logística mejor. El Concello no pierde nada, la Diputación no pierde nada, las superficies quedan igual, las parcelas que se permutan van a ser parcelas de uso público, que se va hacer distintas actuaciones. ¿Que ponemos en riesgo el tema de que se pueda marchar Jevaso y perder 700 puestos de trabajo? Yo ahí ya no es bajo mi responsabilidad; yo, si me plantean otra denuncia, yo ya desisto, pero ya desisto y sinceramente ya no lo vuelvo a intentar más.

Sr. Presidente

Moi ben.

Sobre este último aspecto, se algunha Administración está comprometida co emprego é esta. E, polo tanto, ese problema non o vas ter por parte da Deputación, salvo que pretendas vulnerar a lei e ao mellor a xente entenda que vale igual unha parcela que está dando fronte á estrada que está no fondo e tal; ao mellor as valoracións son distintas e por iso hai que cumprir a lexislación, que calquera veciño cando cambia unha parcela sabe perfectamente que non é igual que estea nun sitio que estea noutro. Entón esas



cuestións teñen que ter unha validación técnica que loxicamente imos exixir.

Non sei se hai algún rogo máis?

Pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:47 horas.